

ASUNTO PLE/2022/00052730E

ACTA NÚM. 21 - SESIÓN ORDINARIA 30 DE NOVIEMBRE DE 2022

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:14 horas** do día **30 de novembro de 2022**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTEN:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Dona María Esther Pedrosa Carrete
Don Rubén Prol Mariño

PP:

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres
Don Pedro José Rey Sanchiz

CA:

Dona Branca Petra Novo Rey
Dona Marta Irene Lois González
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez
Dona María Rozas Pérez
Don Xan Xesús Duro Fernández

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei
Dona Navia Rivas de Castro

Concelleiro non adscrito:

Don José Javier Fernández Martínez.

José Manuel González García, vicesecretario do Concello de Santiago de Compostela.

Non asiste o concelleiro Don José Manuel Pichel Patiño.

ORDE DO DÍA:

- 1. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2022/00052730E.**
Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do día 27 de outubro de 2022.
- 2. ALCALDÍA. Referencia: 2022/52730E.**
Toma de coñecemento da adquisición da condición de concelleiro non adscrito e modificación da composición das comisión de informe, estudo e proposta.
- 3. PLANEAMENTO. Referencia: 2022/00040171K.**
Aprobación provisional da Modificación puntual do Título III do PXOM. Regulación de usos.
- 4. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2022/00042137D.**
Aprobación da modificación do cadro do persoal do ano 2022 co obxecto de levar a cabo o proceso de estabilización.
- 5. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2022/00050211X.**
Levantamento de reparo e aprobación, disposición e recoñecemento de obrigas correspondentes ao contrato de servizos de conservación, reparación, pequena reforma ou ampliación de diversos edificios e instalacións do concello.
- 6. Proposición presentada polo grupo municipal do PP sobre a constitución dunha comisión especial para estudar a situación do transporte público.**
- 7. Proposición presentada polo grupo municipal de CA relativa ás reclamacións económicas da empresa concesionaria do servizo de auga en concepto de regularización da conexión ao servizo de saneamento.**
- 8. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para crear e aplicar un plan de aforro enerxético nas instalacións municipais.**
- 9. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para crear un programa de actividades extraescolares e de conciliación.**
- 10. Proposición presentada polo grupo municipal do PP sobre a actualización de zonas acusticamente saturadas.**
- 11. Proposición presentada polo grupo municipal de CA para a mellora da mobilidade na contorna do “campus” de Lamas de Abade.**
- 12. Dar conta da comunicación do grupo municipal Socialista designando representantes nas Comisións permanentes e especiais.**
- 13. Dar conta de resolucións da alcaldía de delegación de competencias e modificación do réxime de dedicacións.**
- 14. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e actas da Xunta de Goberno Local.**

15. Solicitude presentada polo grupo municipal do BNG de comparecencia do concelleiro delegado de mobilidade, seguridade cidadá e festas sobre a caótica situación do transporte urbano.

16. Solicitude presentada polo grupo municipal de CA de comparecencia do concelleiro de mobilidade e seguridade cidadá, barrios e relacións veciñais para explicar as liñas de actuación do departamento de obras.

17. Rogos, preguntas e interpelacións.

Interpelacións:

1. Formulada polo BNG sobre as actividades teatrais nos centros socioculturais.
2. Formulada por CA sobre o pago de subvencións a entidades deportivas, sociais e culturais correspondentes a 2022.

Rogos:

1. Formulado polo PP para a limpeza, mantemento e conservación dos bancos en espazos públicos.
2. Formulado polo PP para adecuar un equipamento da rede de saneamento na rúa da Ponte de San Lázaro de abaixo.
- 3.- Formulado polo PP para o traslado ou ocultación dos colectores de lixo situados diante da igrexa de San Martiño Pinario.
4. Formulado por CA sobre as melloras necesarias na escola infantil de Laraño.
5. Formulado polo BNG para abrir aseos no estadio multiusos Verónica Boquete-San Lázaro.
6. Formulado polo BNG para acondicionar a contorna do multiusos Fontes do Sar.
7. Formulado polo BNG para modificar o trazado da rúa do Hórreo.
8. Formulado por CA sobre a casa en ruínas na rúa Sánchez Freire, núm. 75.
9. Formulado por CA sobre as obras de rehabilitación do Museo do Pobo Galego.

Preguntas resposta oral:

1. Formulada por CA sobre a instalación de elementos deportivos e polivalentes no campo multiusos do Castiñeiriño.
2. Formulada polo PP sobre o control das concentracións nocturnas nos parques públicos para evitar ruídos e consumo de bebidas.
3. Formulada polo PP sobre a falta de execución do proxecto de “acondicionamento do camiño agrícola en Requesende-Sabugueira”.
4. Formulada polo PP sobre a situación dos servizos e acondicionamento na zona do SUNP-14 (entre o periférico e o Restollal).
5. Formulada por CA sobre estacionamento na Colexiata de Sar.
6. Formulada polo BNG relativa ao aparcadoiro de Sar situado nas inmediacións do campo de fútbol.
7. Formulada polo BNG relativa á rede de saneamento do núcleo de Formarís parroquia Enfesta.
8. Formulada polo BNG pregunta pendente de contestación en relación ao orzamento da obra dos Concheiros.
9. Formulada por CA sobre muro de pedra da rúa Fervenza no barrio de Conxo.

Preguntas resposta escrita:

- 1.- Formulada polo PP sobre as intervencións no festival de muralismo “Compostela Contemporánea”.
2. Formulada por CA sobre os contratos asinados co grupo Correo Gallego.
3. Formulada polo BNG sobre filtracións de auga na intermodal.

4. Formulada polo BNG medidas adoptadas polo goberno en relación á proposición aprobada en novembro de 2020, relativa á prevención do suicidio.

18. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais:

1. Presentada polo PP para urxir a licitación e execución da senda peonil a Figueiras e outras melloras na Aba do Monte Pedroso.
2. Presentada polo PP sobre a planificación para a progresiva substitución de pavimentos de chapacuña nas rúas e mellora da rúa de Enfesta.
3. Presentada por CA para desenvolver un plan municipal de saúde mental e un programa específico de prevención e sensibilización sobre a enfermidade mental nos centros educativos de Santiago de Compostela.
4. Presentada polo PP para a conxelación das tarifas das peaxes nas autoestradas estatais AP-9 e AP-53.
5. Presentada polo BNG para esixir a dotación de persoal e maquinaria que recolle o contrato de limpeza e recollida de residuos.
6. Presentada polo BNG para a mellora dos servizos básicos municipais no núcleo da Aba do Pedroso.
7. Presentada polo BNG para garantir o uso compartido do pavillón multiusos da Lavacolla e arranxar o palco de música.
8. Presentada por CA para impulsar a senda peonil de Figueiras e acometer diferentes melloras reclamadas pola asociación veciñal Aba do Pedroso.
9. Presentada polo PSdeG-PSOE, PP, CA e BNG para impulsar a contratación de profesionais da interpretación de lingua de signos no concello.
10. Presentada por CA para iniciar unha nova revisión dos usos do PXOM, que permita a regulación consensuada para os problemas de vivenda, do comercio e dos usos turísticos.

Antes de comezar co estudo dos asuntos incluídos na orde do día, teñen lugar as seguintes intervencións:

En primeiro lugar, Dona M^a Estrella Ferreiro Díaz, en representación dos propietarios de vivendas de uso turístico en relación ao punto da orde do día sobre modificación do título III do PXOM no referente a vivendas de uso turístico.

En segundo lugar, Dona M^a Cruz Vázquez Veiga, en representación da AA.VV. "Pontesionlla", sobre a problemática que afecta á veciñanza do núcleo de Formaris-Enfesta pola carencia do servizo de saneamento.

A continuación seguese co estudo dos asuntos que figuran na orde do día.

1. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2022/00052730E.

Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do día 27 de outubro de 2022.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes aproba a acta correspondente á sesión ordinaria do día 27 de outubro de 2022.

2. ALCALDÍA. Referencia: 2022/52730E.

Toma de coñecemento da adquisición da condición de concelleiro non adscrito e modificación da composición das comisións de informe, estudo e proposta.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

1. O Pleno da Corpo, na sesión extraordinaria do 28 de xuño de 2019, acordou a creación e determinou a composición das comisións de informe, estudo e proposta, permanentes e especiais.
2. En data 21 de novembro de 2022, o concelleiro don José Javier Fernández Martínez comunicou que abandonaba o Grupo Municipal Socialista e a súa vontade de adquirir a condición de concelleiro non adscrito.

CONSIDERACIÓNS

1. O art. 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece que terán a consideración de concelleiros non adscritos os que non se integren no grupo político que constitúa a formación pola que foron elixidos ou que abandonen o seu grupo de procedencia, engadindo que *“os dereitos económicos e políticos dos membros non adscritos non poderán ser superiores aos que lles tivesen correspondido de permanecer no grupo de procedencia, e exerceranse na forma que determine o regulamento orgánico de cada corporación”*.

2. O art. 117.1 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno dispón que o Pleno acordará a creación, o número e a denominación das comisións e que estarán integradas polos membros que designen os grupos políticos en función do número de concelleiros que teñan no Pleno e polos concelleiros non adscritos.

A Xunta de Portavoces, se ben o Pleno lle outorgou a condición de comisión especial, estará integrada unicamente polos voceiros dos grupos políticos constituídos na Corporación (art.43.1 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno).

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Primeiro. Tomar coñecemento da adquisición da condición de concelleiro non adscrito por parte de don José Javier Fernández Martínez.

Segundo. Modificar a composición das comisións de informe, estudo e proposta permanentes e especiais, que será a seguinte:

- **Comisión de presidencia, réxime interior, modernización da administración, facenda e especial de contas.** Estará composta por un máximo de tres concelleiras/os de cada un dos grupos municipais da Corporación e por un concelleiro non adscrito.

O voto de cada concelleiro/a será ponderado segundo a representación proporcional que cada grupo ten no pleno municipal.

- **Comisión de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos.** Estará composta por un máximo de tres concelleiras/os de cada un dos grupos municipais da Corporación e por un concelleiro non adscrito.

O voto de cada concelleiro/a será ponderado segundo a representación proporcional que cada grupo ten no pleno municipal.

- **Comisión da área social, cultura, participación, igualdade e transparencia.** Estará composta por un máximo de tres concelleiras/os de cada un dos grupos municipais da Corporación e por un concelleiro non adscrito.

O voto de cada concelleiro/a será ponderado segundo a representación proporcional que cada grupo ten no pleno municipal.

- **Comisión especial de suxestións e reclamacións.** Estará composta por dous ou dúas concelleiras/os de cada un dos grupos municipais da Corporación e por un concelleiro non adscrito.

O voto de cada concelleira/o será ponderado segundo a representación proporcional que cada grupo ten no pleno municipal.

O Pleno da Coporación por unanimidade dos/as conceleiros e concelleiras presentes, acorda:

Primeiro. Tomar coñecemento da adquisición da condición de concelleiro non adscrito por parte de don José Javier Fernández Martínez.

Segundo. Modificar a composición das comisións de informe, estudo e proposta permanentes e especiais, que será a seguinte:

- **Comisión de presidencia, réxime interior, modernización da administración, facenda e especial de contas.** Estará composta por un máximo de tres concelleiras/os de cada un dos grupos municipais da Corporación e por un concelleiro non adscrito.

O voto de cada concelleiro/a será ponderado segundo a representación proporcional que cada grupo ten no pleno municipal.

- **Comisión de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos.** Estará composta por un máximo de tres concelleiras/os de cada un dos grupos municipais da Corporación e por un concelleiro non adscrito.

O voto de cada concelleiro/a será ponderado segundo a representación proporcional que cada grupo ten no pleno municipal.

- **Comisión da área social, cultura, participación, igualdade e transparencia.** Estará composta por un máximo de tres concelleiras/os de cada un dos grupos municipais da Corporación e por un concelleiro non adscrito.

O voto de cada concelleiro/a será ponderado segundo a representación proporcional que cada grupo ten no pleno municipal.

- **Comisión especial de suxestións e reclamacións.** Estará composta por dous ou dúas concelleiras/os de cada un dos grupos municipais da Corporación e por un concelleiro non adscrito.

O voto de cada concelleira/o será ponderado segundo a representación proporcional que cada grupo ten no pleno municipal.

3. PLANEAMENTO. Referencia: 2022/00040171K.

Aprobación provisional da Modificación puntual do Título III do PXOM. Regulación de usos.

A proposta é do seguinte teor literal:

“A xefa da Sección de Xestión Urbanística, con data 22 de novembro de 2022 e en relación coa *Modificación puntual do Título III do PXOM para a regulación dos usos*, emitiu o seguinte informe, ao que presta o seu conforme o secretario xeral do Pleno:

“1. CONTIDO E ALCANCE DA MODIFICACIÓN

A MP formúlase polos técnicos do Servizo municipal de Planeamento e Xestión, co obxecto principal de reformar a normativa de usos do vixente *Plan xeral de ordenación municipal* (PXOM).

Con esta finalidade, a MP afecta ás seguintes disposicións da Normativa Urbanística do PXOM:

- Normas xerais e condición de uso reguladas nos artigos 103 a 120 (Capítulo I do Título III).
- Ordenanza do sistema de equipamento e dotacións (artigo 136, Capítulo III do Título III).
- Ordenanzas reguladoras do solo urbano (artigos 138 a 151, Capítulo IV do Título III).
- Ordenanzas reguladoras do solo de núcleo rural (artigos 153 e 154, Capítulo V do Título III).
- Disposición final primeira (Derrogación e adaptación do planeamento anterior).
- Disposición final Decimosexta (Uso residencial comunitario).

Para coñecer con maior precisión o contido e alcance da MP, remítome ao acordo de aprobación inicial -adoptado polo Pleno Municipal o día 12.03.2021- así como ao resumo executivo elaborado consonte ao artigo 144.6 do RLSG.

A MP foi obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada, emitíndose o preceptivo **informe ambiental estratéxico** (IAE) por resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático de data 16.02.2021, publicada no Diario Oficial de Galicia o día 2.03.2021.

2. INFORMES SECTORIAIS

En cumprimento do disposto polo artigo 60.7 da LSG, con data 8.10.2021 a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu informe sobre o resultado do trámite de **audiencia aos Concellos limítrofes** e dos informes sectoriais autonómicos preceptivos.

No referido trámite obtivéronse os informes do Concello de Boqueixón, da Dirección Xeral de Planificación e Protección Civil, da Subdirección Xeral de Recursos Minerais, do Instituto de Estudos do Territorio (IET), do organismo autónomo Augas de Galicia, da Axencia Galega de Infraestruturas e da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (DXPC). Os informes emitidos non formulan obxeccións ou reparos á Modificación proposta, indicándose polo IET a necesidade de referir na Memoria a incidencia sobre a paisaxe.

O Concello de Santiago solicitou informe á Delegación do Goberno, á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, e ás Direccións Xerais da Rede Ferroviaria, Aviación Civil e Telecomunicacións.

No expediente constan os informes emitidos pola Dirección Xeral de Planificación e Avaliación da Rede Ferroviaria, pola Dirección Xeral de Telecomunicacións e pola Demarcación de Estradas do Estado, todos eles favorables á Modificación.

Tendo xa transcorrido mais de seis meses dende a solicitude dos outros informes sectoriais, sen que se teña recibido resolución expresa, procede continuar o procedemento consonte ao disposto polo artigo 80.4 da Lei 39/2015 e normativa sectorial aplicable.

3. EXPOSICIÓN PÚBLICA

A MP aprobouse inicialmente polo Pleno Municipal o día 12.03.21 e someteuse a **información pública** durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia e no xornal *El Correo Gallego* o día 16.03.2021, así como no taboleiro de edictos do Concello.

Durante este trámite de información pública formuláronse 29 escritos de alegacións, que constan analizadas polo miúdo nun informe emitido pola arquitecta de Planeamento o día 31 de agosto de 2022.

A resultas das alegacións formuladas e outras cuestións suscitadas, estimouse conveniente introducir varios cambios no documento inicialmente aprobado, elaborándose en setembro de 2022 un documento reformado de aprobación provisional.

Con data 12 de setembro de 2022 o Pleno Municipal acordou abrir un novo trámite de exposición pública sobre os cambios introducidos, co obxecto de dar cumprimento ao esixido polos artigos 60.12 da LSG e 144.12 do seu Regulamento.

Para este fin publicáronse anuncios no Diario Oficial de Galicia número 175 e no xornal La Voz de Galicia. día 14 de setembro de 2022.

4. EXAME DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS

As alegacións presentadas no primeiro trámite de exposición pública avaliáronse en sendos informes, técnico e xurídico, emitidos o día 31 de agosto de 2022.

No segundo trámite de participación pública formuláronse un total de 541 escritos de alegacións, que se examinan nun informe asinado pola arquitecta municipal o 22 de novembro de 2022.

A maioría das cuestións suscitadas neste segundo trámite xa se analizaron nos informes emitidos con anterioridade, así como no acordo plenario de data 12.09.2022.

A apertura do novo trámite de exposición pública versaba unicamente sobre o contido das modificacións que se propuxo introducir sobre o proxecto inicialmente aprobado. Estas modificacións describíronse nun informe técnico, ao que expresamente remite tanto o acordo plenario como os anuncios de nova información pública.

A administración non podería introducir agora novas modificacións sobre outras determinacións -distintas das que motivaron o novo trámite de exposición-, agás xustificación de que non teñen carácter *substancial*. Pero ao se tratar dunha Modificación puntual, de alcance limitado, calquera cambio significativo podería acadar a consideración de substancial, posto que se trata dun *concepto xurídico indeterminado*, susceptible de diversas interpretacións.

Rematado o prazo de información pública presentouse unha alegación que solicita o cambio de clasificación urbanística -de rústico a urbanizable- da parcela catastral 15079C502000810000WF. A alegación é extemporánea e formula unha cuestión allea ao contido da presente MP, polo que non procede avaliala neste procedemento.

De seguido procédese a emitir unha resposta motivada ás distintas cuestións suscitadas nas alegacións presentadas neste segundo trámite de participación pública, afondando nos argumentos que xa foron verificados en informes anteriores. Esta resposta debe completarse coa do informe asinado pola arquitecta municipal en relación cos aspectos mais técnicos das alegacións formuladas.

a) Sobre a motivación da reforma

Na memoria da MP descríbense polo miúdo os criterios aplicados para acadar o obxectivo principal da reforma, dirixida a asegurar a prevalenza do uso característico nas ordenanzas residenciais da cidade.

A asignación de usos globais e pormenorizados é unha das facultades inherentes á potestade de planeamento urbanístico, expresamente atribuída pola lexislación do solo (artigos 5.1.c e 114 do RLSG). A *cualificación* do solo consiste non só en asignar o uso característico, senón tamén en regular a forma e proporción na que os outros usos poden acompañar ou coadxuvar ao principal.

Nas ordenanzas residenciais o uso característico atribuído polo planeamento é o residencial, definido no PXOM vixente como o destinado a proporcionar *aloxamento permanente* ás persoas (artigo 105.1.a). O planeamento define tamén os usos complementarios, que son aqueles destinados a proporcionar servizos á poboación residente (comercial, oficinas, industrial, equipamento).

As actividades de aloxamento temporal non teñen a consideración de uso residencial, nin tampouco proporcionan un servizo directo á poboación residente. Porén, teñen a súa función no desenvolvemento urbano, e por ilo os plans adoitan integralas como usos *compatibles*, mesmo *alternativos*, nas ordenanzas residenciais. Agora ben, para evitar que os usos compatibles acaben por desprazar ou substituír ao característico, o plan debe articular mecanismos que aseguren unha determinada proporción ou equilibrio.

Por este motivo a MP define e regula os usos característicos, complementarios e compatibles nas distintas ordenanzas, cos seguintes obxectivos principais:

- Preservar a función residencial da cidade e o dereito constitucional de acceso á vivenda.
- Garantir a prevaenza do uso residencial característico, e dos que proporcionan servizo á poboación residente, en especial naquelas zonas identificadas como *sensibles*.
- Acadar unha mestura equilibrada de usos.

b) Sobre a limitación do dereito de propiedade

A función social da propiedade esixe que os poderes públicos ordenen os usos do solo e das edificacións ao servizo do interese xeral e do dereito constitucional de acceso á vivenda (artigo 47 da Constitución Española).

O Texto refundido da Lei do Solo (TRLRHL) -aprobado polo RD lexislativo 7/2015- dispón que *o solo vinculado a un uso residencial pola ordenación territorial e urbanística está ao servizo da efectividade do dereito á vivenda* (artigo 3.4).

O citado TRLRHL afirma que *“o réxime urbanístico da propiedade do solo é estatutario, e resulta da súa vinculación a concretos destinos, nos termos dispostos pola lexislación”* (artigo 11.1). Dispón tamén que o dereito de propiedade do solo abrangue as facultades de uso, disfrute e explotación *consonte ao destino* atribuído pola normativa urbanística (artigo 12.1).

Así pois, a cualificación establecida polo planeamento urbanístico non restrinxe nin limita o dereito de propiedade, senón que o configura ou “*delimita*”; o dereito de propiedade inmobiliaria non confire a facultade de adicala a calquera uso ou actividade, senón só aos especificamente asignados pola ordenación urbanística.

c) Sobre os criterios da regulación das vivendas de uso turístico e outros establecementos de hospedaxe

As vivendas son edificacións ou unidades de edificación concibidas polo planeamento para albergar o uso residencial, definido como “*aloxamento permanente*” ou estable de residentes habituais (artigo 105.1.a do PXOM vixente).

Fronte a esta definición do uso residencial, o aluguer turístico das vivendas (VUT) representa unha actividade de hospedaxe que utiliza a vivenda para desenvolver un uso terciario de aloxamento temporal con finalidade turística, non residencial.

Nas ordenanzas de vivenda colectiva cualifícanse as plantas altas para uso residencial, mentres que nas plantas inferiores se ubican os usos complementarios que proporcionan servizos á poboación residente (comercial, oficinas, equipamento privado).

Posto que as actividades de hospedaxe non prestan un servizo directo aos residentes, o planificador debe integralas con cautela no tecido residencial, co fin de asegurar o necesario equilibrio de usos, favorecendo a cohesión social e a aproximación dos servizos á comunidade residente (artigo 3.3. g do TRLRHL).

Para realizar esa integración, a MP emprega as técnicas tradicionais de ordenación dos usos urbanísticos:

1. A zonificación: consiste en identificar as zonas *sensibles* ou especialmente vulnerables, determinantes para manter a función residencial dentro da cidade compacta. Son zonas de características diversas, pero todas elas xogan un papel relevante para compactar e vertebrar a cidade, polo que se considera esencial que manteñan os usos característicos (residencial e complementarios do residencial).

2. Usos terciarios en edificio exclusivo: A autorización dos usos terciarios ocupando edificación exclusiva é tamén unha técnica tradicional de ordenación de usos, aplicada nas distintas ordenanzas residenciais. Pero nas zonas identificadas como sensibles, a MP considera preciso asegurar a hexemonía do uso residencial característico -cos usos que o complementan na planta baixa- evitando que a ocupación dos edificios de uso terciario exclusivo supere o 15%.

3. Posición en planta: Os usos terciarios non exclusivos, alí onde se autorizan, admítense só nas plantas inferiores (baixa ou primeira) dos edificios residenciais. O uso de hospedaxe en vivendas é un uso terciario, consistente na prestación dun servizo ao público de aloxamento temporal; así pois, debe cumprir os mesmos criterios de posición no edificio que os outros usos terciarios non exclusivos, que se limitan ás plantas inferiores (baixas ou primeiras) dos edificios residenciais. O obxectivo desta limitación non é tanto evitar molestias aos veciños como preservar o uso residencial característico nas plantas altas e favorecer a cohesión da comunidade residente.

Aplicando os criterios sinalados, non é preciso cuantificar as VUT existentes, nin tampouco cantas se van poder implantar a resultas da MP. Como xa se explicou en informes anteriores, non se trata de establecer unha regulación reactiva, senón *proactiva*. Non se pretende fixar un número máximo ou *cupo* de VUT, senón só asegurar o predominio do uso característico e daqueles outros que o complementan, sen desprazalos nin substituílos.

A MP aplica os criterios de proporcionalidade, claridade, obxectivación, antelación, transparencia e accesibilidade esixidos pola normativa europea. Para ilo, emprega os seguintes criterios de ordenación da actividade de hospedaxe:

- Uso terciario compatible: Os usos de aloxamento temporal son usos terciarios -non residenciais- que non teñen a consideración de usos complementarios do residencial, posto que non proporcionan un servizo directo á poboación residente.

- Posición no edificio: De forma análoga á regulación dos outros usos terciarios, cando se admiten como *compatibles* nas ordenanzas de uso residencial, só se autorizan ocupando edificación exclusiva (grupo I), ou limitados á planta inferior das cualificadas para uso residencial (grupo II)

- Uso exclusivo en zonas sensibles: Nas zonas identificadas como sensibles, o uso de aloxamento temporal en edificio exclusivo (grupo I) só se autoriza cando os usos terciarios exclusivos cualificados non ocupan mais do 15% do ámbito.

- VUT en zonas sensibles: Nas zonas *sensibles*, cada edificio residencial deberá manter a proporción de 1 planta destinada a VUT – planta baixa ou primeira, segundo proceda ⁽¹⁾- por cada 5 plantas de uso residencial.

¹ Dependendo de se a ordenanza permite ou non o uso vivenda en planta baixa

- VUT en zonas non sensibles: Fóra das zonas sensibles, a VUT pode situarse na planta inferior das destinadas ao uso residencial, en condicións análogas ás reguladas para os outros usos terciarios non exclusivos.

- VUT como uso asimilado ao residencial: Admítense as modalidades de aloxamento colaborativo, podendo as persoas residentes alugar determinados cuartos ou estancias dentro da súa vivenda habitual, ou compatibilizar o uso residencial estable da vivenda co aluguer turístico ocasional (cun máximo de 60 días ao ano).

Os obxectivos e os criterios da reforma son obxectivos e transparentes, e atópanse explicitados tanto na memoria da MP como nos acordos adoptados. Poderán compartirse ou non polas persoas interesadas, e poderán requirir outras accións coaduvantes, pero non existe arbitrariedade, incoherencia nin falta de motivación na ordenación proposta.

Como xa se fixo constar no acordo adoptado en setembro de 2022, tanto o Tribunal de Xustiza da Unión Europea como o Tribunal Supremo avalan que o planeamento poida limitar as actividades de aloxamento turístico por razóns de interese xeral, baseadas na protección do dereito á vivenda e do parque residencial, así como do necesario equilibrio de usos do medio urbano. O Tribunal Superior de Xustiza do País Vasco, nunha sentenza que resultou confirmada en casación polo Tribunal Supremo (STS 1550/2020), afirma que mentres o uso residencial previsto no plan *“da resposta ás necesidades de vivenda da poboación”* e se dirixe a satisfacer o dereito constitucional á vivenda, as VUT *“se dirixen, non a satisfacer o dereito á vivenda, ao que é inherente o carácter estable que caracteriza ao domicilio habitual, senón a satisfacer circunstanciais necesidades de aloxamento temporal por razóns de turismo ou vacacións”*. Afirmar tamén que *“posto que o uso das VUT pode substraer do parque residencial previsto polo planificador para satisfacer o dereito á vivenda dos cidadáns un número indeterminado de vivendas para adicalas ao aloxamento turístico, uso completamente alleo ao residencial”*, o planificador atópase lexitimado e mesmo obrigado a promover a ordenación urbanística necesaria para preservar o uso residencial.

A STS antes citada confirma a sentenza de instancia e desestima o recurso de casación interposto pola Comisión Nacional de Mercados e Competencia contra a Modificación puntual do Plan xeral de Bilbao. Esta MP cualifica a vivenda de uso turístico como uso terciario, limitando a súa implantación ás plantas baixas dos edificios residenciais. O Tribunal afirma que as entidades locais están plenamente lexitimadas -e mesmo obrigadas- a promover a ordenación urbanística precisa para conciliar o dereito á vivenda coa utilización de determinadas vivendas para uso turístico. A sentenza refire un urbanismo cambiante, no que ten cabida a loita contra o vaciamiento residencial e contra a *gentrificación*, que altera a forma de vida dos residentes e deteriora a autenticidade dos lugares, expulsando da cidade aos seus residentes habituais.

Convén non esquecer que a finalidade da reforma é garantir un desenvolvemento **sostible**, isto é, *“capaz de satisfacer as necesidades presentes sen comprometer a capacidade de que as futuras xeracións satisfagan as súas propias necesidades”* ⁽²⁾. Por iso non se trata de satisfacer a actual demanda de aloxamentos turísticos, senón de asegurar que no futuro a cidade siga mantendo a súa función residencial e de servizo á comunidade residente. Este obxectivo non vai en contra dun

² Brundtland Report, 1987

desenvolvemento sostible da actividade turística, mais ben ao contrario, posto que está orientada a preservar os especiais valores que fan que a nosa cidade sexa atractiva tamén para as persoas que a visitan.

d) Sobre a perda de residentes na cidade histórica

As vivendas de uso turístico son un fenómeno de recente expansión, favorecido en gran parte polo uso das plataformas dixitais de comercialización (*Airbnb* e similares). A súa regulación como actividade turística -suxeita á normativa de turismo, e excluída da lei de arrendamentos urbanos- é tamén recente en todas as Comunidades autónomas.

A “*hotelización*” das vivendas existentes non esixe grandes investimentos nin complexos trámites; resulta relativamente sinxela, en comparación con outros establecementos de aloxamento temporal (hoteis, hostais, etc.). Esta facilidade fai que as vivendas de uso turístico se expandan con extraordinaria rapidez, podendo chegar a *colonizar* e destruír en pouco tempo o tecido residencial da cidade.

No ámbito da cidade histórica, o plan vixente (PE-1) impediu con carácter xeral que puideran implantarse novas actividades de hospedaxe nas ordenanzas de uso residencial, tanto en vivendas como ocupando edificación exclusiva. Esta decisión baseouse na urxencia de deter o proceso de *turistización* da cidade, que é o resultado de diversos factores, pero que se veu acelerado polo auxe dos apartamentos e vivendas turísticas

Durante a pandemia paralizouse a actividade turística na cidade, pero tamén se fixeron mais evidentes os efectos adversos dunha excesiva dependencia do turismo, aprezándose o especial valor da función residencial e do comercio de proximidade.

Na actual dinámica das cidades sometidas a forte presión turística, os procesos de *turistización* e de *gentrificación* van sempre unidos, de xeito que un crecemento desproporcionado dos usos turísticos acelera a expulsión dos residentes, aínda cando tamén interveñan outros factores.

Non se pon en dúbida a necesidade de adoptar medidas que incentiven a rehabilitación dos edificios, o comercio de proximidade e os establecementos tradicionais. Pero estas medidas deberán adoptarse principalmente no marco da acción de *fomento* dos poderes públicos, que é distinta da normativa. O plan límitase a ordenar os usos do solo na forma mais axeitada para preservar a función residencial da cidade e acadar a mestura equilibrada de usos, pero non é competente para establecer medidas de fomento de determinadas actividades.

Con todo, a cidade histórica ordénase a través dun plan especial de protección e rehabilitación (PE-1), actualmente en proceso de revisión, no que se avaliarán as novas necesidades e os cambios que sexa preciso introducir na normativa.

e) Sobre a esixencia de título habilitante de natureza urbanística

O sometemento a comunicación previa do inicio da actividade de VUT deriva do disposto na lexislación do solo de Galicia (artigo 142.3 da LSG), así como da específica definición do uso residencial que establece o vixente Plan xeral de ordenación municipal. Esta definición non é uniforme en todos os plans xerais, como tampouco a situación da nosa cidade é comparable coa das outras cidades galegas;

pero si é asimilable á das cidades españolas e europeas que se viron obrigadas a adoptar hai tempo medidas de contención do aluguer turístico.

A ordenación dos usos urbanísticos é independente da regulación de actividades que poidan establecer as outras normativas aplicables en materia de arrendamentos urbanos, comercio, turismo, tributos, etc. O relevante para o planeamento son os efectos que o uso produce no medio urbano, mentres que a regulamentación sectorial obedece a criterios de distinta natureza, de carácter non urbanístico. Así o recoñece o mesmo Decreto 12/2017, cando dispón que “*o destino como vivenda de uso turístico non é posible se está prohibido pola ordenación de usos do sector*” (artigo 41.5).

Por iso a habilitación que concede a administración turística non substitúe ao título habilitante de natureza urbanística que deberá outorgar o Concello, a fin de comprobar se a actividade resulta compatible coa normativa urbanística de ordenación dos usos. Así o advirte tamén o Decreto, no seu artigo 42:

Esta habilitación para o desenvolvemento da actividade turística non exige ás persoas propietarias ou que comercialicen a vivenda da obriga de obter as autorizacións, permisos, licenzas e/ou informes que establezan as distintas normativas sectoriais e municipais que lle son de aplicación.

f) Sobre a identificación das zonas sensibles

Os criterios para identificar as zonas sensibles explícanse polo miúdo na memoria da MP, tanto na memoria informativa (apartado 3), como no Anexo I da Memoria xustificativa.

A MP non pretende delimitar zonas “*saturadas*” polos usos turísticos, senón só identificar aqueles ámbitos nos que cómpre protexer os usos característicos (residencial e complementarios) para preservar unha cidade viva e habitada.

A arquitecta municipal advirte no seu informe que a MP *non crea* zonas sensibles, senón que as identifica segundo os criterios expresados na memoria. Unha vez identificadas, o que se pretende é asegurar a hexemonía dos usos característicos, evitando que poidan substituírse de xeito ilimitado por outros compatibles. De feito, a MP podería non ter admitido ningún uso compatible en todas as ordenanzas residenciais do termo municipal, pero precisamente para evitar medidas desproporcionadas, identifica as zonas *especialmente vulnerables*. Estas zonas son as que configuran a cidade compacta ou desenvolven unha especial función *vertebradora* da actividade urbana, polo que é de especial interese asegurar que nelas prevalezan o uso residencial característico e os usos que o complementan.

No informe da arquitecta municipal recoñécese que as zonas sensibles teñen distinta orixe e representan a día de hoxe realidades moi diversas, pero conclúese que todas elas teñen en común o seu especial interese para manter a cidade viva e habitada, polo que comparten un mesmo obxectivo e idénticos criterios de regulación.

Nalgunhas alegacións oponse que esta zonificación é arbitraria, pero non se achegan motivos que fundamenten ese xuízo, tratándose dunha mera apreciación, que non se sustenta en ningún criterio obxectivo.

En todo caso, lémbrese que a MP prevé que se poidan aprobar plans especiais, para garantir a conservación ou a recuperación dos valores obxecto de protección, ou para corrixir situacións de desequilibrio na implantación de usos.

g) Sobre os criterios de regulación en altura e posición en planta das VUT

Neste punto me remito ao informe da arquitecta municipal, que refire os criterios aplicados, os cales constan tamén detallados en distintos apartados da MP.

Nalgunhas alegacións propónse efectuar unha especie de *gradación* ou *subzonificación* das diferentes zonas sensibles, de xeito que nalgúns ámbitos puideran admitirse VUT en edificios de altura inferior a B+5. Alegan que poderían tamén admitirse nas plantas altas, fixando un determinado cupo de VUT por edificio, por zona, ou mesmo por propietarios.

Estas propostas pretenden facilitar que calquera vivenda poida adicarse ao aluguer turístico, sempre que non se supere unha determinada cota ou proporción, a definir polo plan en cada zona ou en cada edificio. Pero o certo é que, para respectar esa cota ou ratio, as persoas interesadas viríanse obrigadas a “*competir*” entre elas para adicar a súa vivenda a uso turístico antes de que se esgote a cota fixada no plan. Dende este punto de vista, os criterios empregados na MP garanten unha maior obxectividade e transparencia, posto que calquera persoa pode coñecer con certeza e antelación cales vivendas poderían adicarse ao uso turístico e cales non.

A MP non pretende “*racionar*” as VUT, senón só que alí onde se implanten se manteña a prevalenza dos usos característicos atribuídos polo planeamento. Para ilo aplícanse criterios obxectivos, que gardan relación coa propia actividade e coa súa interacción cos outros usos.

h) Sobre o aloxamento colaborativo e a consideración de uso asimilado ao residencial

A MP non prohibe o aluguer turístico da vivendas cando responde a criterios de economía colaborativa. Neste senso a Comisión europea avala a diferenza de trato entre os provedores particulares (*peers*) e os provedores profesionais. Así, considera *peers* ou non profesionais a aqueles que ofertan o servizo de aloxamento de forma ocasional ou esporádica, propoñendo ao efecto parámetros obxectivos para diferenciarlos, como é un número máximo de 60-90 días ao ano ⁽³⁾. A Comisión considera desproporcionado prohibir o aluguer turístico ocasional, e propón que se limite a un número máximo de días ao ano, permitindo así aos cidadáns compartir as súas propiedades de maneira esporádica sen retiralas do mercado residencial. Cando o aluguer turístico se desenvolve en períodos superiores, a Comisión entende que excede do ámbito estrito da economía colaborativa, asimilándose a calquera actividade desenvolvida por unha persoa empresaria ou profesional.

En coherencia cos criterios sinalados, a MP permite que os particulares poidan adicar a aluguer turístico as súas vivendas, en calquera zona da cidade -tamén nas zonas sensibles- e en calquera planta de uso residencial, sempre que acrediten a súa vinculación cun uso residencial estable na vivenda. Así, poderán alugar cuartos ou estancias dentro da vivenda na que residan habitualmente, ou poderán ceder a vivenda completa por períodos que non excedan de 60 días ao ano. Ambas as dúas

³ Comunicación de la Comisión al Parlamento europeo, al Consejo y al Comité de las Regiones. *Unha Axenda Europea para a economía colaborativa*. COM (2016) 356 final

opcións son modalidades de *aloxamento colaborativo* nas que a vivenda non perde o uso residencial, senón que o compatibiliza cun uso turístico esporádico ou ocasional nos termos recomendados pola Comisión Europea.

O período temporal de 60 días deriva da conveniencia de favorecer o aluguer da vivenda durante a tempada do curso universitario, que abrangue os meses de setembro a xuño. Pero non se invocan polos alegantes razón obxectivas que xustifiquen reducir ese período a só 30 días.

Por último, que o propietario sexa titular dunha ou de varias vivendas adicadas ao uso turístico carece de relevancia dende o punto de vista urbanístico, posto que os efectos que produce a súa implantación no tecido urbano non dependen de se un mesmo titular ten unha ou varias VUT. Non se trata de *racionar* as VUT por titular, senón só de establecer as condicións obxectivas para a desenvolver a actividade, sexa como uso compatible ou como uso asimilado ao residencial.

i) Sobre a prohibición das vivendas de uso turístico nas parcelas cualificadas para a construción de vivenda protexida

Cando o planeamento cualifica unha determinada parcela para a construción de vivenda protexida, obriga a que todas as vivendas que se constrúan na parcela se suxeiten a algún réxime de protección pública. Esta cualificación do solo exclúe a posibilidade de construír vivendas libres, agás cando a ordenanza o permite expresamente.

Os usos de hospedaxe tipo II son actividades de aloxamento temporal caracterizadas porque se desenvolven en vivendas; polo tanto, o inicio da actividade turística require que previamente se autorice a construción dunha vivenda. Pero se a cualificación da parcela esixe que as vivendas que se constrúan se sometan a un réxime de protección, non é posible autorizar que a vivenda se dedique ao aluguer turístico.

Nas parcelas cualificadas para vivenda protexida o plan pode admitir outros usos complementarios ou compatibles en planta baixa, pero nese caso a actividade xa non tería a consideración de tipo II segundo a MP, senón que se incluíría no tipo I, que só se admite ocupando edificación exclusiva.

A MP só distingue dous tipos de hospedaxe, porque considera que os efectos urbanísticos da actividade son diferentes segundo se realicen en vivendas (tipo II) ou en edificacións con uso exclusivo de hospedaxe (tipo I). Esta categorización atende a criterios puramente urbanísticos, distintos dos que poidan empregar as outras normativas especiais.

O uso hospedaxe tipo II abrangue calquera actividade de aloxamento temporal que se realice no interior dunha vivenda, con independencia de se a actividade se regula ou non pola normativa de turismo. Con esta definición o Plan xeral pretende incluír as diferentes modalidades de hospedaxe que poidan realizarse nas vivendas, xa se regulen pola normativa de turismo -como sucede hoxe coas VUT- ou por calquera outra normativa específica. A normativa de turismo poderá definir distintas modalidades de hospedaxe, ou mesmo excluír outras do seu ámbito de aplicación, pero o determinante para o planeamento é que se trate dunha actividade de aloxamento temporal -non residencial- desenvolvida dentro dunha vivenda, isto é, ocupando un espazo concibido polo planificador para uso residencial.

Pola contra, o uso hospedaxe tipo I abrangue as modalidades de aloxamento que se realizan en locais ou en establecementos distintos da vivenda; esta definición incluíra as nomeadas “vivendas turísticas” polo Decreto 12/2017. As actividades de hospedaxe tipo I non ocupan espazos concibidos exclusivamente para uso residencial, senón que se desenvolven en edificios que poden adicarse integramente ao uso de hospedaxe, considerado como uso exclusivo e *alternativo* ao residencial. Excepcionalmente os albergues -que son tamén actividades de hospedaxe tipo I- poderían implantarse só na planta baixa a través da aprobación dun plan especial, se concorren as condicións requiridas.

j) Sobre a ordenación dos distintos tipos de establecemento comercial

A MP categoriza e define os distintos tipos de establecemento comercial, atendendo ao servizo que prestan aos residentes (comercio de proximidade) e outros criterios urbanísticos (mobilidade, etc.)

As diferentes ordenanzas de uso residencial admiten o uso comercial en planta baixa, pero sen vinculalo a determinados tipos ou categorías. Porén, a MP prevé que poidan aprobarse plans especiais, ou mesmo ordenanzas complementarias, coa finalidade de protexer o comercio de proximidade e outros usos considerados preferentes.

Polo tanto, serán os referidos instrumentos de desenvolvemento os que deberán abordar a regulación en detalle dos diversos tipos de uso comercial nos distintos barrios da cidade.

k) Sobre a ausencia de Estudo económico e informe de sostibilidade económica

O Estudo económico é un documento esixible a todos os instrumentos de planeamento que prevexan a execución de novos servizos ou dotacións, ou que modifiquen as previsións vixentes nese eido.

A MP ten un alcance estritamente normativo, e non esixe modificar as previsións do vixente Estudio económico-financeiro do PXOM, que se manteñen. Tampouco require elaborar a memoria de sostibilidade económica, posto que non define novas actuacións de transformación urbanística que poidan causar impacto na facenda local.

O informe de sostibilidade económica é preceptivo nos plans que ordenen actuacións de transformación urbanística (artigo 22.4 do TRLS). Estas actuacións son as definidas no artigo 7 do TRLS, podendo ser de *nova urbanización*, de *reforma ou renovación* da urbanización, ou de *dotación* (cando o incremento de aproveitamento esixe incrementar as dotacións públicas existentes). Só cando o plan establece agunha destas actuacións resulta necesario avaliar o custo que para a facenda local suporá manter os novos servizos, infraestruturas e dotacións resultantes en relación cos ingresos xerados pola posta en marcha da actuación.

Pero a MP non establece novas actuacións de transformación urbanística, nin tampouco altera os *usos produtivos xa cualificados*. Pola contra, pretende manter os usos característicos das ordenanzas residenciais: o residencial estable nas plantas altas, e os terciarios complementarios do residencial nas plantas inferiores.

Como calquera MP que afecte á normativa de usos, poderá supoñer que se concedan mais ou menos licenzas de actividade ou de obras, pero non incorre no suposto legal

que obriga a elaborar o informe de sostibilidade económica esixido polo artigo 22 do TRLS.

l) Sobre o réxime transitorio e os usos preexistentes

A MP non establece ningún réxime transitorio especial, de xeito que os usos e actividades preexistentes que se tiveran implantado ao abeiro da anterior normativa de usos poderán manterse e desenvolverse con normalidade.

Pero a MP non pode legalizar as VUT implantadas sen título municipal habilitante e en contra dos acordos de suspensión adoptados polo Pleno municipal. Estes acordos teñen carácter normativo, publicáronse no Diario Oficial de Galicia e nun xornal -coa información dos recursos procedentes- e por tanto vinculan tanto á administración como á cidadanía. Posto que a finalidade da suspensión previa era impedir que se puideran consolidar usos contrarios á nova ordenación durante o proceso de elaboración da reforma, o planeamento incorrería agora nunha *reserva de dispensación* se consolidase as actividades que se implantaron contradicindo os efectos xurídicos da suspensión.

A habilitación regulada no Decreto 12/2017 non escusa a obriga de obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, pois así o advirte expresamente o mesmo Decreto no seu artigo 42, antes citado.

Por outra banda, no ámbito do PE-1, a xurisdición contencioso-administrativa confirmou que o Plan especial aprobado no ano 1997 só permitía o uso hoteleiro ocupando edificación exclusiva, polo que en ningún caso serían conformes co plan anterior as VUT existentes no ámbito das ordenanzas residenciais do PE-1.

Polo tanto, a administración municipal atópase legalmente obrigada a adoptar as medidas de reposición da legalidade que sexan procedentes.

O réxime de “*fora de ordenación*” aplícase ás edificacións e instalacións incompatibles coa nova ordenación, pero non aos usos e actividades. Cuestión distinta é que os usos preexistentes poidan manterse cando debido ao tempo transcorrido xa non proceda adoptar medidas de reposición da legalidade.

En todo caso, a MP prevé que se aprobe unha ordenanza complementaria que regule as distintas situacións de incompatibilidade dos usos preexistentes coa nova ordenación.

m) Sobre outras cuestións

No relativo a outras cuestións suscitadas, como son a transformación dos locais de uso comercial en vivendas, ou cuestións mais específicas no ámbito da ordenanza 10 ou do PE-10 R, ou na regulación do uso industrial, remítome ao informe da arquitecta municipal.

No que atinxe á consideración dos usos auxiliares/asimilados do industrial, entendo que non existe inconveniente en rectificar neste punto a redacción dos apartados 3 e 4 do artigo 115. Esta modificación non é substancial, porque afecta unicamente á tipificación dos usos auxiliares, en coherencia coa definición do artigo 105.B, pero non supón engadir actividades distintas das xa previstas na regulación funcional do uso industrial.

Conclusión

Con base nas consideracións que acabamos de expoñer, conclúese que non procede modificar o contido substancial do documento reformado elaborado en setembro de 2022, que foi sometido a información pública en cumprimento do acordo adoptado o 12.09.2022.

Sen prexuízo do anterior, no documento que se somete a aprobación provisional procedeuse a rectificar os apartados 3 e 4 do artigo 115, considerando como usos auxiliares -en lugar de asimilados- os seguintes:

Usos representativos como oficinas, salas de conferencias, bibliotecas e arquivos, espazos para descanso, comedores directamente relacionados coa actividade empresarial e outros análogos.”

5. PROPOSTA DE APROBACIÓN PROVISIONAL

Consonte ao informe emitido e en cumprimento do disposto polos artigos 60.13 da LSG e 144.13 do RLSG, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que deberá emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

Aprobar provisionalmente a Modificación puntual do Título III do PXOM para a regulación dos usos, segundo o documento elaborado polos servizos técnicos de Planeamento e Xestión Urbanística.

En cumprimento do que dispoñen os artigos 60.13 da Lei 2/2016 do solo de Galicia e 144.13 do seu Regulamento, o expediente remitirase á Consellería competente en materia de urbanismo, a fin de que emita o informe preceptivo e vinculante, previo á aprobación definitiva.”

Á vista da proposta transcrita e máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos correspondente a súa sesión ordinaria do pasado día 25, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e CA (8 PSdeG-PSOE e 5 CA), 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, e 3 abstencións correspondentes as concelleiras e concelleiro do grupo municipal do BNG e non adscrito (2 BNG e 1 N/A), polo tanto co quorum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda:

Aprobar provisionalmente a modificación puntual do Título III do PXOM para a regulación dos usos, segundo o documento elaborado polos servizos técnicos de Planeamento e Xestión Urbanística.

En cumprimento do que dispoñen os artigos 60.13 da Lei 2/2016 do solo de Galicia e 144.13 do seu Regulamento, o expediente remitirase á Consellería competente en materia de urbanismo, a fin de que emita o informe preceptivo e vinculante, previo á aprobación definitiva.

4. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2022/00042137D.

Aprobación da modificación do cadro do persoal do ano 2022 co obxecto de levar a cabo o proceso de estabilización.

Auséntase da sesión o señor alcalde cando son as 11:00 e volve ás 11:05 horas, preside a primeira tenente de alcalde, Dona Mercedes Rosón.

A proposta é do seguinte teor literal:

“1.- ANTECEDENTES

1.1.- Recentemente vén de producirse a aprobación e entrada en vigor da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para redución da temporalidade no emprego público (BOE núm. 312, do 29/12/2021). Norma coa que o lexislador español pretendeu establecer, no eido concreto do emprego público, un marco regulador orientado a evitar e regularizar o uso inadecuado e/ou abusivo das relacións de emprego de carácter temporal; incidindo, de forma especial e dentro do antedito obxectivo xeral, e como medida esencial para un mellor e máis eficiente funcionamento das entidades do sector público, na necesidade de regularizar a “temporalidade estrutural”, isto é, aqueles supostos de emprego temporal de longa duración que, ademais, respondan a necesidades de carácter estrutural, e respecto dos que, para a dita regularización, se habilitarían e aplicarían os procesos de estabilización tamén e a tal efectos previstos.

1.2.- Esta lei pretende, con pleno respecto á normativa orzamentaria, reforzar o carácter temporal da figura do persoal interino; aclarar os procedementos de acceso á condición de persoal interino; obxectivar as causas de cese deste persoal e implantar un réxime de responsabilidades que constitúa un mecanismo proporcionado, eficaz e disuasorio de futuros incumprimentos que, ademais, permita clarificar calquera baleiro ou dúbida interpretativa que a actual regulación puidera xerar.

Neste sentido, a nova lei abrangue aspectos como:

a) No seu artigo 1º. Un inclúe unha nova redacción do artigo 10º do Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, que reforza a noción de temporalidade da figura do persoal funcionario interino, a fin de delimitar claramente a natureza da relación que lle une coa Administración.

b) En canto á selección, os procedementos de acceso á condición de persoal funcionario interino non son equiparables aos de persoal funcionario de carreira.

c) Obxectivízanse as causas de terminación da relación interina. A fixación de criterios obxectivos para o remate do nomeamento ofrecerá maior claridade en canto á duración máxima da permanencia deste persoal e evitará a perpetuación da cobertura de postos de traballo por persoal interino.

d) Endurécense as previsións legais en canto á duración máxima do nomeamento de persoal interino por vacante, como medida preventiva para evitar un uso abusivo desta figura para exercer funcións de carácter permanente ou estrutural. Así, transcorridos tres anos desde o nomeamento, producirase o cese do persoal funcionario interino e a vacante só poderá ser ocupada por persoal funcionario de carreira, salvo que o correspondente proceso selectivo quede deserto, en cuxo caso se poderá efectuar outro nomeamento de persoal funcionario interino.

Excepcionalmente, o persoal funcionario interino poderá permanecer na praza que ocupe temporalmente, sempre que se teña publicado a correspondente convocatoria

dentro do prazo dos tres anos a contar desde a data do nomeamento do funcionario interino e sexa resolta conforme aos prazos establecidos no artigo 70 do TREBEP; neste suposto poderá permanecer ata a resolución da convocatoria, sen que o seu cese dea lugar a compensación económica.

e) Por último, determínase que ao persoal funcionario interino seralle aplicable o réxime xeral do persoal funcionario de carreira en canto sexa adecuado á natureza da súa condición temporal e ao carácter extraordinario e urxente do seu nomeamento.

1.3.- Así, cabe observar como a Lei 20/2021 dispón, en relación co antedito e, concretamente a identificación e regularización destes supostos de temporalidade estrutural, que procedería a habilitación e desenvolvemento de procesos de estabilización respecto de “prazas de natureza estrutural que, estando ou non dentro das relacións de postos de traballo, plantilla ou outra forma de organización dos recursos humanos que estean contempladas nas distintas Administracións Públicas, e contando con dotación orzamentaria, teñan estado ocupadas de forma temporal e ininterrompida cando menos nos tres anos anteriores a 31 de decembro de 2020”. Previsión que cabería entender cumprida, no Concello de Santiago de Compostela, respecto daqueles supostos de emprego temporal que, acreditando os ditos criterios de estruturalidade e ocupación ininterrompida, xa que teñen sido obxecto de regularización a través da súa inclusión no anexo de persoal (mediante as prazas nos anexos aos orzamentos) así como nas Ofertas de Emprego Público municipais, ao abeiro das previsións e taxas adicionais para a estabilización do emprego temporal (nomeadamente nas OEP de 2018 e 2020), en base ao establecido sobre estabilización nas leis de orzamentos xerais do Estado para os anos 2017 e 2018.

Non obstante, e unha vez revisados os diferentes cadros de persoal e as OEPs publicadas dos anos 2018, 2019, 2020, 2021 e 2022 deste concello, tense advertido que existen na actualidade outras situacións de emprego temporal que, non figurando no cadro de persoal/plantilla, nin na relación de postos de traballo, nin en ningún outro instrumento de organización de recursos humanos, tamén son obxecto de inclusión no plan de estabilización, ao abeiro do disposto, ao efecto, pola dita Lei 20/2021, así como nas restantes previsións normativas de aplicación, e que se corresponderían, nomeadamente, cos seguintes supostos de prestación funcional:

DENOMINACIÓN PRAZA	GRUPO/SUBGRUPO	RÉXIME XURÍDICO	CENTRO DESTINO
Percusionista	A2	FUNCIONARIO/A	Banda de Música
Trombón	A2	FUNCIONARIO/A	Banda de Música
Trompa	A2	FUNCIONARIO/A	Banda de Música
Oboe	A2	FUNCIONARIO/A	Banda de Música
Técnico/a de Xestión	A2	FUNCIONARIO/A	Relacións Institucionais /Turismo
Traballador/a Social (2)	A2	FUNCIONARIO/A	Servizos Sociais
Educador/a Social	A2	FUNCIONARIO/A	Servizos Sociais
Xestor/a formativo/a (2)	A2	LABORAL	Emprego
Técnico/a Normalización	A1	FUNCIONARIO/A	Normalización Lingüística
Arquitecto/a (2)	A1	FUNCIONARIO/A	Supervisión de Proxectos e Obras
Administrativo/a (2)	C1	FUNCIONARIO/A	Supervisión de Proxectos e Obras
Auxiliar administrativo/a (2)	C2	FUNCIONARIO/A	Tesourería

E isto, por terse apreciado, respecto destas prazas de emprego temporal o seguinte:

- Que se corresponden con necesidades funcionais, tal e como logo se detalla para cada caso, que, aínda que inicialmente acoutadas ao ámbito temporal e material dos programas conxunturais que xustificaron o seu inicio, neste momento se terían convertido en estruturais, en tanto que recorrentes e con previsión de continuidade futura, ao térense integrado dentro da actividade prestacional ordinaria e permanente na Administración, e respecto das que, polo tanto, non cabería acreditar xa a súa substantividade propia e diferenciada da mesma e, consecuentemente, o seu carácter temporal.

- Que se corresponden con supostos de emprego temporal que se teñen orixinado e mantido, de forma ininterrompida e recorrente, nos tres anos anteriores a 31 de decembro de 2020, e ademais seguiron manténdose durante todo o ano 2021 con crédito axeitado e suficiente no capítulo I (Persoal) dos orzamentos xerais municipais, e seguen na actualidade con carácter de permanencia, sen interrupción nos casos de prórroga de directa, e con mínima interrupción no caso dos que pasan a un novo programa no mesmo Servizo/Departamento.

- Que estamos ante supostos de relacións funcionariais interinas por programas aos que, polas razóns anteditas e por terse constatado a súa actual natureza estrutural actual, procede a súa estabilización segundo o establecido na citada Lei 20/2021 e en aplicación dos criterios orientadores que recollen a Resolución, do 1 de abril de 2022, da Secretaría de Estado da Función Pública.

1.4.- En base a todo o anterior, en data 23 de maio de 2022 aprobouse na Mesa Xeral de Negociación, por unanimidade de todos os seus membros, os criterios e prazas afectadas para a estabilización do emprego público, logo recollidos nun Acordo asinado en data 25 de maio de 2022, entre o Concello de Santiago de Compostela e todas as organizacións sindicais con representación neste concello sobre criterios e prazas afectadas para a estabilización do emprego público. Nesa mesma data, 25/5/2022, co voto a favor de todas as organizacións sindicais aprobouse na Mesa Xeral de Negociación a oferta de emprego público de estabilización, posteriormente publicada no *Boletín Oficial da Provincia*.

Primeira. A Lei 20/2021, do 28 de decembro, recentemente aprobada, ten unha evidente e importante repercusión respecto do emprego público de natureza temporal e, nomeadamente, da súa limitación e regularización. Con esta norma, o lexislador español, pretendeu establecer, no eido concreto do emprego público, un marco regulador orientado a evitar e regularizar o uso inadecuado e/ou abusivo das relacións de emprego de carácter temporal; incidindo, como medida esencial para un mellor e máis eficiente funcionamento das entidades do sector público, na necesidade de regularizar a “temporalidade estrutural”. Isto é, aqueles supostos de emprego temporal de longa duración que, ademais, responden a necesidades e funcións de carácter estrutural, respecto dos cales se habilitarían e aplicarían os procesos de estabilización a tal efectos previstos, de acordo coa normativa europea (Directiva 1999/70, CE do Consello, do 28 de xuño de 1999, relativa ao Acordo Marco da CES, a UNICE e o CEEP sobre o contrato de duración determinada) e xurisprudencia derivada da mesma (nomeadamente do TSJE), no marco das actuacións de modernización das administracións públicas contemplado no Plan de Recuperación, Transformacións e Resiliencia elaborado por España (remitido á Unión Europea e validado favorablemente por esta), e recollendo e referendando as previsións normativas e actuacións xa iniciadas ao efecto con anterioridade.

Cabe destacar, pola súa transcendencia aos presentes efectos, que esta Lei 20/2021 contempla, en relación co antedito e, concretamente, sobre a identificación e regularización destes supostos de temporalidade de natureza estrutural, o desenvolvemento de procesos de estabilización respecto de *“prazas de natureza estrutural que, estando ou non dentro das relacións de postos de traballo, plantilla ou outra forma de organización dos recursos humanos que estean contempladas nas distintas administración públicas, e contando con dotación orzamentaria, teñen estado ocupadas de forma temporal e ininterrompida cando menos nos tres anos anteriores a 31 de decembro de 2020”*. Previsión coa que se estarían a fixar e indicar, ao mesmo tempo, os criterios aplicables para a identificación destes supostos de emprego temporal estrutural susceptibles de regularización, así como a forma de proceder a esta, nos termos seguintes;

1.- Que se correspondan con situacións de emprego temporal, non necesaria e formalmente identificadas con prazas e/ou postos previstos nas Plantillas de Persoal e/ou RPTs (e que, polo tanto, e con arranxo a esta consideración flexible e non rigurosa, cabería identificar con calquera suposto de prestación funcional, mediante relación de emprego temporal, aínda que non conte con praza nin posto de referencia), que acrediten as seguintes condicións:

a) A súa natureza estrutural. Por vincularse á prestación, mediante persoal propio, de necesidades funcionais consideradas estruturais; e, polo tanto, aquelas recorrentes e con previsión de continuidade futura, ao téñense integrado dentro da actividade prestacional ordinaria e permanente da Administración, e respecto das que non cabería acreditar, pois, unha substantividade propia e diferenciada da mesma e, consecuentemente, o seu carácter conxuntural.

b) A súa existencia recorrente, e ininterrompida, cando menos nos tres anos anteriores a 31 de decembro de 2020. Debendo matizar, a este respecto, e consonte aos criterios interpretativos e doutrinais que se teñen definido ao efecto, que non cabería considerar como interrupción nesta prestación continuada os períodos sen prestación efectiva que respondan ao tempo necesario para a incorporación do persoal requirido. Canto máis se temos en conta que esta criterio de prestación ininterrompida non se refire a unha única relación de emprego ou persoa, e deberase considerar dende o inicio desta situación de prestación funcional temporal, computando o total de relacións de emprego/empregados temporais que se viñeran vinculando á mesma.

2.- Que para súa regularización procedería a inclusión, convocatoria e cobertura, das prazas vacantes correspondentes, dentro dos procesos de estabilización do emprego temporal legalmente previstos, consonte aos criterios e prazos actualmente contemplados no artigo 2º da Lei 20/2021 (ou no seu caso, naqueloutra normativa concordante ou aplicable ao efecto). Para isto, requírese, como condición inherente e obrigada, a súa inclusión na Oferta de Emprego Público; e, singularmente e neste momento, naquela que para os supostos específicos de estabilización contempla o artigo 2º da propia Lei 2021, e que debe aprobarse e publicarse antes do 1 de xuño do presente ano 2022.

Segunda.- Atendendo ás razóns e feitos sinalados no apartado de antecedentes e segundo o disposto para o efecto na propia Lei 20/2021 (nos termos sinalados na consideración anterior) e restante normativa de aplicación, cabe entender susceptibles de igual tratamento e regularización aquelas prazas que, non recollidas na plantilla/cadro de persoal, relación de postos de traballo, nin noutros instrumentos de organización de recursos humanos, cumplan os seguintes requisitos:

- a) Se acredite o seu carácter estrutural. As 17 prazas de que estamos a falar, recollidas e especificadas no cadro do apartado I.1.3, están vinculadas á prestación e cobertura de necesidades funcionais que, aínda que inicialmente cinguidas ao ámbito temporal e material dos programas ou actuacións conxunturais que xustificaron o seu nomeamento, neste momento téñense convertido en estruturais, en tanto que recorrentes e con previsión de continuidade futura, ao térense integrado dentro da actividade prestacional ordinaria e permanente do Servizo Municipal ao que están adscritas, e, polo tanto, xa non cabe acreditar o seu carácter temporal ou conxuntural.
- b) Se acredite a súa existencia formal, efectiva, recorrente e ininterrompida cando menos nos tres anos anteriores a 31 de decembro de 2020 (*consonte os criterios e matizacións aplicables ao efecto e sinalados na propia Lei 20/2021, na Resolución da Secretaria de Estado de Función Pública, do 1 de abril de 2022, e no Acordo aprobado na Mesa Xeral de Negociación do Concello de Santiago de Compostela en data 23 de maio de 2022, co voto a favor de todas as organizacións sindicais*)

As prazas non incluídas na plantilla/cadro de persoal, nin relación de postos de traballo nin outro instrumento de organización de recursos humanos obxecto de estabilización ás que nos estamos referindo suman un total de 17 prazas, e son as detalladas, anteriormente no cadro do apartado I.1.3.

Así pois, e segundo o reflectido nos parágrafos anteriores, **cabe dicir que as situacións de prestación/cobertura funcional temporal coas características descritas deben ser consideradas como supostos de emprego temporal de natureza estrutural e susceptibles, xa que logo, da súa regularización, segundo o disposto, ao respecto, pola Lei 20/2021, do 28 de decembro, e restante normativa de aplicación.**

Terceira.- Unha vez coñecida, polo antes exposto, a procedencia/necesidade da regularización dos diferentes supostos de emprego temporal estrutural, esta deberase materializar consonte o previsto pola Lei 20/2021, así como na restante normativa de aplicación. Debendo materializarse, xa que logo, e a tal efecto, as seguintes actuacións:

- a) Inclusión, convocatoria e cobertura, das prazas vacantes correspondentes, dentro dos procesos de estabilización do emprego temporal legalmente previstos, consonte aos criterios e prazos actualmente contemplados no artigo 2º Lei 20/2021 (ou, no seu caso, naqueloutra normativa concordante ou aplicable ao efecto), logo da súa inclusión previa na Oferta de Emprego Público; e, singularmente e neste momento, naquela que para os supostos específicos de estabilización (e sen inclusión en ningunha outra OEP anterior), e o abeiro do disposto ao respecto no artigo 2º da propia Lei 20/2021, tería que ser obxecto de aprobación e publicación oficial antes do 1 de xuño do presente ano 2022.

Debendo matizar, a este respecto, que aínda que o procedemento e praxe ordinarios requirirían que, con carácter previo á inclusión dunha vacante na OEP municipal, se tivesen previsto anteriormente, dentro da RPT e Plantillas municipais, o posto e praza correspondentes, isto estaría legalmente excepcionado respecto destes supostos concretos a regularizar e estabilizar ao abeiro do disposto na Lei 20/2021; en tanto que, como xa indicamos, esta norma dispón e habilita/autoriza, no seu artigo 2º, que se proceda á súa estabilización (e correspondente e previa inclusión na OEP a aprobar antes do 1 de xuño de 2022) aínda que, como nestes casos ocorre, non exista correspondencia con prazas/postos anteriormente previstos na Plantilla/RPT da

Administración correspondente. E isto sen prexuízo de que, coa maior celeridade posible e, en todo caso, antes da efectiva convocatoria das bases deste proceso de estabilización, se debe proceder á pertinente adecuación da RPT e Plantilla municipais, para a inclusión dos postos e prazas correspondentes.

Polo tanto, e segundo exposto, procedería que as vacantes correspondentes a estes supostos de emprego temporal estrutural e susceptibles de regularización sexan incluídas, ao abeiro da taxa adicional para a estabilización do emprego temporal habilitada polo artigo 2º da Lei 20/2021, nunha OEP municipal a aprobar, e publicar, antes do 1 de xuño de 2022; e consonte o mesmo réxime xurídico e perfil/características profesionais das relacións de emprego temporal preexistentes e obxecto de regularización e estabilización.

b) A inclusión na RPT e Plantilla/Cadro de Persoal estrutural, previo trámite e aprobación das respectivas adecuacións puntuais de ambas, dos postos e prazas correspondentes. E isto como consecuencia obrigada e inherente á regularización antedita e, nomeadamente, ao recoñecemento da natureza estrutural destes supostos de emprego temporal; en tanto que toda prestación funcional estrutural cuxa prestación se pretenda realizar, como neste caso, mediante persoal propio, deberá ser obxecto de reflexo na RPT (mediante o posto correspondente) e Plantilla de Persoal estrutural (isto é, mediante a praza correspondente prevista para persoal funcionario de carreira ou laboral fixo, segundo proceda).

Así pois, e polo exposto, procederían sendas adecuacións puntuais da RPT e Plantilla de Persoal municipais, coa finalidade de incorporar ás mesmas os postos e prazas correspondentes aos ditos supostos de emprego temporal obxecto de regularización e estabilización e, polo tanto, consonte ao mesmo réxime xurídico e perfil/características profesionais das vacantes a incorporar, a tal efecto e nos termos indicados no apartado anterior, na OEP municipal a aprobar e publicar antes do 1 de xuño de 2022.

Adecuacións da RPT e Plantilla que, aínda que deban formalizarse mediante a tramitación de expedientes diferenciados (mediante expediente de modificación puntual, no caso da RPT; e no caso da Plantilla, mediante adecuación tramitada con motivo da aprobación do novo orzamento e plantilla municipais ou, no seu caso e durante a vixencia do orzamento en curso, mediante expediente específico de modificación puntual de Plantilla), ao estar mutuamente condicionadas requirirían, para a súa plena efectividade, da súa aprobación conxunta/paralela. E tendo en conta, ademais, e como xa se indicou, que nestes casos concretos, ao amparo da excepcionalidade e habilitación/autorización expresamente previstas ao efecto polo artigo 2 da Lei 20/2021, non terían por que realizarse, necesariamente, antes da inclusión das vacantes correspondentes na OEP municipal, pero si coa maior brevidade posible e, en todo caso, antes da súa convocatoria efectiva.

c) O mantemento das relacións funcionariais interinas do persoal afectado ata a cobertura definitiva das prazas correspondentes; tendo en conta que, como consecuencia das actuacións anteditas e, nomeadamente, do recoñecemento da natureza estrutural das necesidades funcionais/funcións ás que se vinculan, a súa finalización xa non estaría supeditada/vinculada á vixencia de ningún programa/actuación temporal, nin a data concreta, senón a efectiva convocatoria e cobertura das prazas/vacantes correspondentes previamente incluídas, consonte o antedito, na OEP municipal. Actuación que resultaría ademais congruente co posicionamento mantido, a este respecto, pola nosa xurisprudencia (véxase, ao efecto,

a Sentenza 1425/2018 emitida pola Sección Cuarta da Sala do Contencioso Administrativo do TS); que ten concluído que en supostos, como os presentes, nos que constate que estas interinaxes inicialmente vinculadas a programas temporais se correspondan, en realidade, con necesidades de carácter estrutural/permanente, a consecuencia debера ser o mantemento das ditas relacións funcionariais interinas ata que esta particular situación/anomalía se subsane/regularice consonte o disposto ao efecto pola normativa aplicable e, polo tanto, mediante a cobertura das prazas correspondentes con arranxo ao procedemento legalmente acaído.

Con adscrición provisional deste persoal funcionario interino, ata a referida e efectiva cobertura das prazas inherentes, aos postos correspondentes e previamente incorporados, segundo o antedito, á RPT municipal.

Cuarta.- As razóns e actuacións que se veñen de sinalar, en relación coa forma de regularizar estes particulares supostos de emprego temporal estrutural, teñen a súa xustificación na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e cabería entender que de non optar pola regularización destes supostos estaríase a incorrer nunha actuación carente de motivación e xustificación e, polo tanto, susceptible de ser considerada contraria ao principio constitucional de igualdade, por canto outras prazas de persoal funcionario interino ou laboral temporal existentes no cadro de persoal tería a opción á estabilización, e estas outras prazas, polo mero feito de non estar no cadro, pero definidas co paso do tempo con funcións de carácter estrutural quedarían sen regularizar, o que suporía o incumprimento do propio espírito da lei citada.

Quinta: Na Mesa Xeral de Negociación celebrada en data 05/07/2022, acordouse, coa ausencia da organización sindical UGT, e por unanimidade das organizacións presentes na Mesa (CIG, CCOO e CSIF), a aprobación da inclusión no Cadro de Persoal das prazas que figuran na oferta de emprego público do proceso de estabilización, que se relacionan a continuación:

DENOMINACIÓN PRAZA	GRUPO/SUBGRUPO	RÉXIME XURÍDICO	CENTRO DESTINO
Percusionista	A2	FUNCIONARIO/A	Banda de Música
Trombón	A2	FUNCIONARIO/A	Banda de Música
Trompa	A2	FUNCIONARIO/A	Banda de Música
Oboe	A2	FUNCIONARIO/A	Banda de Música
Técnico/a de Xestión	A2	FUNCIONARIO/A	Relacións Institucionais /Turismo
Traballador/a Social (2)	A2	FUNCIONARIO/A	Servizos Sociais
Educador/a Social	A2	FUNCIONARIO/A	Servizos Sociais
Xestor/a formativo/a (2)	A2	LABORAL	Emprego
Técnico/a Normalización	A1	FUNCIONARIO/A	Normalización Lingüística
Arquitecto/a (2)	A1	FUNCIONARIO/A	Supervisión de Proxectos e Obras
Administrativo/a (2)	C1	FUNCIONARIO/A	Supervisión de Proxectos e Obras
Auxiliar administrativo/a (2)	C2	FUNCIONARIO/A	Tesourería

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Primeira.- Modificar o Cadro de Persoal do ano 2022 e incluír no mesmo as 17 prazas a continuación indicadas, e xa recollidas na oferta de emprego público de estabilización do persoal empregado público do Concello de Santiago de Compostela publicada no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña:

DENOMINACIÓN PRAZA	GRUPO/SUBGRUPO	RÉXIME XURÍDICO	CENTRO DESTINO
Percusionista	A2	FUNCIONARIO/A	Banda de Música
Trombón	A2	FUNCIONARIO/A	Banda de Música
Trompa	A2	FUNCIONARIO/A	Banda de Música
Oboe	A2	FUNCIONARIO/A	Banda de Música
Técnico/a de Xestión	A2	FUNCIONARIO/A	Relacións Institucionais /Turismo
Traballador/a Social (2)	A2	FUNCIONARIO/A	Servizos Sociais
Educador/a Social	A2	LABORAL	Servizos Sociais
Xestor/a formativo/a (2)	A2	LABORAL	Emprego
Técnico/a Normalización	A1	FUNCIONARIO/A	Normalización Lingüística
Arquitecto/a (2)	A1	FUNCIONARIO/A	Supervisión de Proxectos e Obras
Administrativo/a (2)	C1	FUNCIONARIO/A	Supervisión de Proxectos e Obras
Auxiliar administrativo/a (2)	C2	FUNCIONARIO/A	Tesourería

Segunda.- Aprobar a modificación do Cadro de Persoal do ano 2022 e incluír no mesmo as 17 prazas anteriormente indicadas, e xa recollidas na oferta de emprego público de estabilización do persoal empregado público do Concello de Santiago de Compostela.

Terceira.- Dispoñer a publicación da modificación do Cadro de Persoal no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e na sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela (sede.santiagodecompostela.gal).

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 11 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do BNG e do concelleiro non adscrito (8 PSdeG-PSOE, 2 BNG e 1 N/A) e 13 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PP e de CA (8 PP e 5 CA), acorda:

Primeira.- Modificar o Cadro de Persoal do ano 2022 e incluír no mesmo as 17 prazas a continuación indicadas, e xa recollidas na oferta de emprego público de estabilización do persoal empregado público do Concello de Santiago de Compostela publicada no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña:

DENOMINACIÓN PRAZA	GRUPO/SUBGRUPO	RÉXIME XURÍDICO	CENTRO DESTINO
Percusionista	A2	FUNCIONARIO/A	Banda de Música
Trombón	A2	FUNCIONARIO/A	Banda de Música
Trompa	A2	FUNCIONARIO/A	Banda de Música
Oboe	A2	FUNCIONARIO/A	Banda de Música
Técnico/a de Xestión	A2	FUNCIONARIO/A	Relacións Institucionais /Turismo
Traballador/a Social (2)	A2	FUNCIONARIO/A	Servizos Sociais

Educador/a Social	A2	LABORAL	Servizos Sociais
Xestor/a formativo/a (2)	A2	LABORAL	Emprego
Técnico/a Normalización	A1	FUNCIONARIO/A	Normalización Lingüística
Arquitecto/a (2)	A1	FUNCIONARIO/A	Supervisión de Proxectos e Obras
Administrativo/a (2)	C1	FUNCIONARIO/A	Supervisión de Proxectos e Obras
Auxiliar administrativo/a (2)	C2	FUNCIONARIO/A	Tesourería

Segunda.- Aprobamos a modificación do Cadro de Persoal do ano 2022 e incluír no mesmo as 17 prazas anteriormente indicadas, e xa recollidas na oferta de emprego público de estabilización do persoal empregado público do Concello de Santiago de Compostela.

Terceira.- Dispoñer a publicación da modificación do Cadro de Persoal no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e na sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela.

Antes de continuar co estudo dos asuntos incluídos na orde do día, vótase a declaración de urxencia da moción conxunta presentada polos grupos políticos municipais, para solicitar que o actual Hospital Provincial de Conxo pase a denominarse “Hospital de Conxo Ramón Baltar”, sendo declarada a súa urxencia por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes.

5. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2022/00050211X.

Levantamento de reparo e aprobación, disposición e recoñecemento de obrigas correspondentes ao contrato de servizos de conservación, reparación, pequena reforma ou ampliación de diversos edificios e instalacións do concello.

A proposta é do seguinte teor literal:

“Antonio Ranedo Santillana, vistas as certificacións número 23 e 24 do servizo de conservación, reparación, pequena reforma ou ampliación de diversos edificios e instalacións dependentes do Concello (CON /1/2019), relativas aos meses de xaneiro e febreiro de 2022, así como as facturas correspondentes, infórmase:

ANTECEDENTES

Tense remitido a Intervención as certificacións número 23 e 24 do servizo de conservación, reparación, pequena reforma ou ampliación de diversos edificio e instalacións dependentes do Concello (CON /1/2019), relativas aos meses de xaneiro e febreiro de 2022, así como as facturas correspondentes, cuxos datos se reflicten de seguido:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Texto Explicativo
F/2022/666	S 3915	10/02/2022	27.784,37	SERVIZO CONSERVACION INSTALAC. MUNICIPAIS-CERT. 23: Importe de traballos realizados para o ""SERVIZO DE CONSERVACION,
F/2022/1194	S 3984	10/03/2022	24.737,53	SERVIZO CONSERVACION INSTALAC. MUNICIPAIS-CERT. 24: Importe de traballos realizados para o ""SERVIZO DE CONSERVACION,

Total	52.521,90

Os devanditos xustificantes foron remitidos a unidade xestora correspondente (Concellería Delegada da Área de Centros Socioculturais, Barrios e Obras) a cal as devolve a Intervención os efectos da súa fiscalización previa na fase de recoñecemento e liquidación da obriga.

Vista e analizada a documentación remitida, en cumprimento do establecido no artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a Intervención Municipal informa o seguinte:

Constátase como antecedentes das actuacións que motivan a tramitación dos xustificantes de gasto que se informan que:

Primeiro.- O concello de Santiago de Compostela ten contrato de servizo de conservación, reparación, pequena reforma e ampliación de diversos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago de Compostela coa empresa ESPINA Y DELFÍN, SL dende o ano 2020 (CON/1/2019).

Segundo.- Examinado o PCAP detéctanse incoherencias en canto á distribución plurianual do gasto, así o PCAP no seu anexo 0 apartado 6 punto B - *Desagregamento do orzamento base de licitación*-, recolle:

As anualidades e a aplicación orzamentaria do gasto do contrato son:

Anualidade 2019: 52.566,67 euros.

Anualidade 2020: 630.800,02 euros.

Anualidade 2021: 578.233,35 euros.

Para gastos plurianuais estarase ao establecido no artigo 174 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Departamento	Aplicación	Ano 1	Ano 2	TOTAL
Educación	080 32300 21200	400.000,00	400.000,00	800.000,00
Servizos xerais	030 92000 21200	90.000,01	90.000,01	180.000,02
Casa das asociacións	010 33404 21300	4.000,01	4.000,01	8.000,02
Centros socioculturais	020 33403 21200	44.800,00	44.800,00	89.600,00
Benestar social	020 23101 21200	24.000,00	24.000,00	48.000,00
Instalacións deportivas	090 34200 21200	68.000,00	68.000,00	136.000,00
			Total	1.261.600,04

Terceiro.- As anualidades que se trasladan ao acordo de adxudicación, sen que no expediente conste a tramitación de expediente de reaxuste de anualidades segundo o previsto no artigo 96 do *Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas*, para reaxustar as anualidades previstas no PCAP á data efectiva de adxudicación, son:

Departamento	Aplicación	Ano 2020	Ano 2021	TOTAL
Educación	080 32300 21200	400.000,00	400.000,00	800.000,00
Servizos xerais	030 92000 21200	90.000,01	90.000,01	180.000,02
Casa das asociacións	040 33404 21300	4.000,01	4.000,01	8.000,02

Centros socioculturais	040 33403 21200	44.800,00	44.800,00	89.600,00
Benestar social	020 23101 21200	24.000,00	24.000,00	48.000,00
Instalacións deportivas	090 34200 21200	68.000,00	68.000,00	136.000,00
			Total	1.261.600,04

Cuarto.- Esta é a situación vixente actualmente que na contabilidade reflectiuse nas seguintes operación:

ANUALIDADE 2020					
Nº Operación	Fase	Data	Referencia	Aplicación	Importe
220200000019	D	10/01/2020	22020000043	2020 080 32300 2120000	400.000,00
220200000020	D	10/01/2020	22020000044	2020 030 92000 2120000	90.000,01
220200000021	D	10/01/2020	22020000048	2020 040 33404 2130000	4.000,01
220200000022	D	10/01/2020	22020000045	2020 040 33403 2120000	44.800,00
220200000023	D	10/01/2020	22020000046	2020 020 23101 2120000	24.000,00
220200000024	D	10/01/2020	22020000047	2020 090 34200 2120000	68.000,00
					Total 630.800,02

ANUALIDADE 2021					
Nº Operación	Fase	Data	Anualidade	Aplicación	Importe
220209000007	AD	10/01/2020	2021	2020 080 32300 2120000	400.000,00
220209000008	AD	10/01/2020	2021	2020 030 92000 2120000	90.000,01
220209000009	AD	10/01/2020	2021	2020 040 33404 2130000	4.000,01
220209000010	AD	10/01/2020	2021	2020 040 33403 2120000	44.800,00
220209000011	AD	10/01/2020	2021	2020 020 23101 2120000	24.000,00
220209000012	AD	10/01/2020	2021	2020 090 34200 2120000	68.000,00
					Total 630.800,02

Quinto.- De acordo coa cláusula terceira do contrato, a vixencia do mesmo será de dous anos prorrogables por dous anos máis. Consta no expediente acta de inicio do servizo asinada o dous de marzo de 2020, polo que o mesmo se iniciaría o tres de marzo de 2020 e remataría o dous de marzo de 2022.

Sexto.- Á vista do exposto, existe un desaxuste entre a duración efectiva do contrato (inicio 3/03/2020 e fin 2/03/2022) e a distribución plurianual do gasto, polo que **as prestacións recollidas nas certificacións antes referidas, relativas aos meses de xaneiro e febreiro de 2022, realízanse dentro do período de vixencia do contrato resultante do acordo de adxudicación, pero sen cobertura orzamentaria debido a que non se levou a cabo o reaxuste das anualidades.**

A estes efectos debe terse en conta que de conformidade co artigo 177.2 do TRLRHL, os créditos autorizados teñen carácter limitativo e vinculante.

E tamén, no apartado 5 do artigo 173 do referido texto legal establece: *"No podrán adquirirse compromisos de gastos por cuantía superior al importe de los créditos autorizados en los estados de gastos, siendo nulos de pleno derecho los acuerdos,*

resoluciones y actos administrativos que infrinjan la expresada norma, sin perjuicio de las responsabilidades a que haya lugar”.

CONCLUSIÓNS

Primeira.- Os gastos documentados nas facturas identificadas no encabezamento do presente informe, por importe total de 52.521,90 euros, correspondente as certificacións número 23 e 24 do servizo de conservación, reparación, pequena reforma ou ampliación de diversos edificio e instalacións dependentes do Concello (CON /1/2019) expedidas por ESPINA Y DELFIN SL (CIF: B-15026693), derivan dunhas actuacións administrativas incursas en vicio de nulidade de pleno dereito como consecuencia da inexistencia de crédito orzamentario para dar cobertura as obrigas económicas que dos mesmos se derivan e ilo por establecelo así o artigo 173 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Segunda.- Sobre a base de todo o anterior esta Intervención non dispón doutra alternativa que formular a súa disconformidade con estes gastos mediante a presente nota de reparo de forma previa á adopción do acordo de gasto correspondente, e iso en aplicación do disposto no artigo 215 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

Por aplicación do disposto no artigo 216.-2.a) do corpo legal citado, debe suspenderse a tramitación do expediente ata que a discrepancia se solucione dado que o reparo se basa na inexistencia de crédito.

Terceira.- Se a unidade xestora estivese en desacordo coa discrepancia exposta, poderá patexar antes esta Intervención o seu criterio, é só en caso de que se mantivera a discrepancia as unidades xestoras elevarán proposta de **levantamento de reparo o Pleno da Corporación** ao ser este órgano a quen corresponde a resolución daquela, de conformidade co artigo 217.2.a) do corpo legal que vimos citando, tendo o acordo que se dite o efecto carácter executivo.

No seu caso, tal acordo de levantamento de reparo non terá porque conter outro pronunciamento que o de levantar o reparo no senso que poida propoñer a unidade xestora xustificadamente, sen que proceda incluír a aprobación do gasto que corresponda pero permitindo que se prosiga coa tramitación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. Normativa a ter en conta:

Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais

Real decreto 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos

Lei 9/2017, do 28 de abril, de contratos do sector público

Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público

Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas

Bases de execución dos orzamentos xerais municipais

2. Hai que ter en conta que:

Consta a efectiva realización das obras tal e como se pon de manifesto polas conformidades efectuadas e que constan nas correspondentes certificacións de obras.

O impago, so pretexto de falta de procedemento legalmente establecido, produciría un enriquecemento inxusto ou sen causa que non debe crearse tal e como ven reiterando a xurisprudencia na materia.

Isto é o que este centro xestor ten a ben manifestar, ao non poder engadir máis que o xa exposto anteriormente, así como nas actas de conformidade, e dado que as prestacións facturadas polo proveedor foron efectivamente realizadas.

PROPOSTA

En base ao anterior, e de conformidade co disposto no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais en materia de orzamentos, e o artigo 30 das Bases de execución do orzamento xeral municipal, á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Primeiro.- Levantar o reparo formulado pola Intervención Xeral no seu informe número 1362/2022, sobre abono das certificacións número 23 e 24 do servizo de conservación, reparación, pequena reforma ou ampliación de diversos edificio e instalacións dependentes do Concello (CON /1/2019), relativas aos meses de xaneiro e febreiro de 2022, así como as facturas correspondentes, cuxos datos se reflicten de seguido:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Texto Explicativo
F/2022/666	S 3915	10/02/2022	27.784,37	SERVIZO CONSERVACION INSTALAC. MUNICIPAIS-CERT. 23: Importe de traballos realizados para o ""SERVIZO DE CONSERVACION,
F/2022/1194	S 3984	10/03/2022	24.737,53	SERVIZO CONSERVACION INSTALAC. MUNICIPAIS-CERT. 24: Importe de traballos realizados para o ""SERVIZO DE CONSERVACION,
Total			52.521,90	

Segundo.- Aprobar, dispoñer e recoñecer a obriga derivada das accións da referencia por un importe total de CINCUENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS VINTE E UN EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (52.521,90 €) cuxos gastos se deberán abonar con cargo ás seguintes partidas e RCs:

- Certificación 23, nº de rexistro de facturas de contabilidade 2022/666:

RC	Orgánica	Programa	Económica	Importe
920220006332	020	23101	2120000	149,97 €
920220006330	080	23300	2120000	12.456,02 €

920220006292	040	33403	2120000	2.727,02 €
920220006298	090	34200	2120000	5.317,56 €
920220006297	030	92000	2120000	7.110,44 €
920220006294	040	33404	2130000	23,36 €

Total certificación: **27.784,37 €**

- Certificación 24, nº de rexistro de facturas de contabilidade 2022/1194:

RC	Orgánica	Programa	Económica	Importe
920220006333	020	23101	2120000	1.847,82 €
920220006331	080	32300	2120000	20.875,81 €
920220006296	040	33403	2120000	989,40 €
920220006301	090	33200	2120000	340,95 €
920220006299	030	92000	2120000	387,66 €
920220006295	040	33404	2130000	295,89 €

Total certificación: **24.737,53 €**

Auséntase o señor alcalde cando son as 11:34 horas e preside a primeira tenente de alcalde, dona Mercedes Rosón, volve o alcalde as 11:41 horas.

O Pleno da Corporación por 9 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE e concelleiro non adscrito (8 PSdeG-PSOE e 1 N/A), e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Levantar o reparo formulado pola Intervención Xeral no seu informe número 1362/2022, sobre abono das certificacións número 23 e 24 do servizo de conservación, reparación, pequena reforma ou ampliación de diversos edificio e instalacións dependentes do Concello (CON /1/2019), relativas aos meses de xaneiro e febreiro de 2022, así como as facturas correspondentes, cuxos datos se reflicten de seguido:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Texto Explicativo
F/2022/666	S 3915	10/02/2022	27.784,37	SERVIZO CONSERVACION INSTALAC. MUNICIPAIS-CERT. 23: Importe de traballos realizados para o ""SERVIZO DE CONSERVACION,
F/2022/1194	S 3984	10/03/2022	24.737,53	SERVIZO CONSERVACION INSTALAC. MUNICIPAIS-CERT. 24: Importe de traballos realizados para o ""SERVIZO DE CONSERVACION,

Total	52.521,90

Segundo.- Aprobar, dispoñer e recoñecer a obriga derivada das accións da referencia por un importe total de CINCUENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS VINTE E UN EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (52.521,90 €) cuxos gastos se deberán abonar con cargo ás seguintes partidas e RCs:

- Certificación 23, nº de rexistro de facturas de contabilidade 2022/666:

RC	Orgánica	Programa	Económica	Importe
920220006332	020	23101	2120000	149,97 €
920220006330	080	23300	2120000	12.456,02 €
920220006292	040	33403	2120000	2.727,02 €
920220006298	090	34200	2120000	5.317,56 €
920220006297	030	92000	2120000	7.110,44 €
920220006294	040	33404	2130000	23,36 €

Total certificación: **27.784,37 €**

- Certificación 24, nº de rexistro de facturas de contabilidade 2022/1194:

RC	Orgánica	Programa	Económica	Importe
920220006333	020	23101	2120000	1.847,82 €
920220006331	080	32300	2120000	20.875,81 €
920220006296	040	33403	2120000	989,40 €
920220006301	090	33200	2120000	340,95 €
920220006299	030	92000	2120000	387,66 €
920220006295	040	33404	2130000	295,89 €

Total certificación: **24.737,53 €**

Faise un receso cando son as 11:55 horas ata as 12:10 horas, non incorporándose nese momento o señor Duarte, que o fai ás 12:20 horas.

6. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A CONSTITUCIÓN DUNHA COMISIÓN ESPECIAL PARA ESTUDAR A SITUACIÓN DO TRANSPORTE PÚBLICO.

Con data 18 de novembro de 2022, foi presentada a proposición que a continuación se

transcribe:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación dos autobuses que están a prestar o servizo de transporte público urbano de viaxeiros de Santiago está a adquirir nos últimos días a consideración dun auténtico perigo rodante, que supón unha ameaza para a seguridade e mesmo a integridade das persoas usuarias do servizo e para os propios condutores e condutoras que a diario transitan polas rúas e vías do termo municipal, ademais do efecto negativo que provoca no decoro, na imaxe e no desexable poder de atracción do transporte público como modelo alternativo para a mobilidade.

Os dous incendios acontecidos nun breve espazo temporal, xunto coa sucesión de fallos e avarías diarias en distintos vehículos, están a poñer en evidencia que a prolongada demora de máis de cinco anos na nova contratación deste servizo, está a ocasionar un estado de preocupación e de alarma entre o conxunto da cidadanía.

A falta de renovación do material móbil interrompeuse antes da caducidade do contrato, prevista para febreiro de 2016, cando o novo Goberno saído das eleccións de 2015 desistiu de continuar coa substitución de 11 autobuses que acordara o Executivo anterior na Xunta de Goberno Local do 21 de marzo de 2015, dando cumprimento ao disposto no “plan de renovación do material móbil” incluído no contrato vixente que fixaba para o ano 2015 a renovación de 11 unidades.

A explicación para esa renuncia, ofreceuna ante o Pleno o concelleiro responsable indicando que a compra debería esperar polo deseño do novo modelo de transporte para adquirir os novos vehículos. Esta circunstancia contribuíu a incrementar a precariedade dunha frota que debería ser obxecto total de renovación no marco do novo contrato que substituíra ao que estaba a piques de concluír. Quedaba, certamente, a posibilidade de ampliar a vixencia mediante prórrogas ata 5 anos máis - ata o ano 2021, coa posibilidade de incluír a renovación da frota-, pero o Goberno entrante decidiu unicamente ampliar o prazo ata febreiro de 2017, período que consideraba suficiente para poder contar nun novo contrato e con el a renovación da frota.

O certo é que rematado o período contractual, os vellos autobuses continuaron prestando o servizo e incrementando a súa precariedade, tal e como puxo de manifesto o informe pericial sobre o seu estado realizado en abril de 2017. Nas súas conclusións, sinalaba que a antigüidade media do parque era de 11 anos e 2 meses e, ademais dos problemas de accesibilidade, incidía en que *“de los vehículos analizados, hasta los más modernos, todos presentan deficiencias, unos con fallos mecánicos, otros con fallos eléctricos”*, concluíndo que *“un alto porcentaje de los mismos, por seguridad, fiabilidad e imagen, deberían ser substituídos”* posto que *“no cuentan con los sistemas de seguridad que actualmente serían recomendables (...), no disponen de rampas automáticas”* e remata destacando que *“sería preciso disponer de varios vehículos de sustitución o repuesto que permitieran la parada de algunos autobuses para poder ser reparados, tanto de mecánica como de chapa y pintura”*.

A pesar dese calimitoso estado, o servizo non foi renovado ao longo do mandato anterior, nin nos tres anos e medio que van deste, a pesar das reiteradas promesas de

distintos membros do Goberno actual. O propio concelleiro de Mobilidade declaraba publicamente en setembro de 2019 *“queremos que poida sacarse a licitación [o contrato do servizo] antes de fin de ano”*, recoñecendo a urxencia ao sentenciar que *“hai autobuses que están moi tocados. Coa frota actual non aguantamos nin dous anos”*.

Nos últimos días, e ante o flagrante incumprimento das promesas realizadas, o Goberno local trata de sacudirse a súa responsabilidade con todo tipo de desculpas: desde a influencia da pandemia -declarada en marzo de 2020- no procedemento de contratación, ata a necesidade de refacer os pregos polo cambio das esixencias normativas, distintas xa despois da súa demora na licitación, mesmo chegando a “socializar” o seu propio fracaso atribuíndolle responsabilidades a todos os gobernos que o precederon.

Á vista desta situación de manifesta irresponsabilidade no proceder do Goberno e da opacidade da súa actuación nesta materia ao longo de todo o mandado, tanto cos grupos da oposición como co conxunto da cidadanía, nun asunto de tanta transcendencia económica e social, con claras repercusións na seguridade pública, o Grupo Popular presenta á consideración da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno acorda a creación dunha Comisión especial para estudar a situación do transporte público urbano de viaxeiros e as actuacións de urxencia susceptibles de adopción inmediata para a mellora deste servizo e insta ao correspondente órgano do Goberno a que, coa maior urxencia, dea cumprimento aos requirimentos expresados na proposición aprobada na sesión plenaria do pasado 27 de outubro, para avanzar na renovación do transporte público municipal.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 1 abstención correspondente ao concelleiro non adscrito, acorda a creación dunha Comisión especial para estudar a situación do transporte público urbano de viaxeiros e as actuacións de urxencia susceptibles de adopción inmediata para a mellora deste servizo e insta ao correspondente órgano do Goberno a que, coa maior urxencia, dea cumprimento aos requirimentos expresados na proposición aprobada na sesión plenaria do pasado 27 de outubro, para avanzar na renovación do transporte público municipal.

7. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA RELATIVA ÁS RECLAMACIÓNS ECONÓMICAS DA EMPRESA CONCESIONARIA DO SERVIZO DE AUGA EN CONCEPTO DE REGULARIZACIÓN DA CONEXIÓN AO SERVIZO DE SANEAMENTO.

Con data 21 de novembro de 2022, foi presentada a proposición que a continuación se transcribe:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. A proposta de acordo ten como obxectivo que o goberno municipal revise as reclamacións que a empresa privada, que xestiona o ciclo da auga en Santiago, está a

enviar a residentes no rural correspondente ás taxas de saneamento dos últimos cinco anos, e cun recargo do 66% por unha suposta fraude de vertedura.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os servizos municipais son un dereito da veciñanza e pagar por eles supón un deber de veciñanza. Mais o pago dos servizos debe facerse desde o momento no que existe o servizo e no que existe un contrato en vigor. No caso do saneamento, en Santiago hai moitos domicilios que se non tiveron antes este contrato e por causa e responsabilidade compartida entre o Concello e a empresa Viaqua. A empresa privada Viaqua, que xestiona o ciclo da auga, está a requerir o pago do saneamento, con carácter retroactivo e baixo ameazas de denuncias penais, a numerosos veciños e veciñas do rural de Santiago que nunca tiveron contratado este servizo. Diante deste abuso, o Concello de Santiago, e principalmente o seu goberno e alcalde ten que porse do lado da cidadanía para evitar este abuso da empresa concesionaria. Aínda máis, neste caso, no que estamos diante dunha situación da que o Concello e Viaqua son corresponsables desde hai máis de trinta anos. É inadmisíble que a empresa trate á veciñanza como delinquentes, e gravísimo que o Goberno local lle deixe facer, demostrando unha absoluta falta de control e nula capacidade de decisión sobre o servizo da auga.

Nos últimos meses foron moitos os residentes de parroquias como Marrozos, Figueiras ou Verdía que recibiron estas cartas ameazantes de Viaqua reclamando o pago de cantidades que se achegan aos 1.000 €, correspondentes ás taxas de saneamento dos últimos cinco anos, e cun recargo do 66% por unha suposta fraude de vertedura. Estes avisos enmárcanse nun proceso de regularización iniciado pola empresa concesionaria para dar de alta no servizo a veciños e veciñas que tiñan conexión coa rede de sumidoiros, pero que nunca tiveron contrato. Tal e como xa alegaron moitas das persoas afectadas, esta situación remóntase á década dos 90, cando o Concello negociou cos veciños a cesión dos seus terreos para as obras da rede de sumidoiros a cambio de permitirllas o enganche aos colectores, e coa promesa de que ás súas parroquias chegaría tamén a rede de abastecemento de auga. Desde aquel momento, a propia empresa concesionaria foi consciente de que eses veciños e veciñas tiñan as súas propiedades conectadas á rede de sumidoiros, pero non se realizaron os correspondentes contratos porque naquela altura non era posible tecnicamente diferenciar no cobro os servizos de saneamento, que si tiña esta veciñanza, e o de abastecemento de auga, que nin tiñan daquela nin teñen en moitos casos aínda a hoxe, trinta anos despois. Ademais, cóstanos que moitos destes veciños e veciñas intentaron no seu momento tramitar o contrato do saneamento, e non puideron facelo por cuestións técnicas alleas á súa vontade. Por iso, resulta inadmisíble que estes contribuíntes sexan acusados de supostas fraudes e delitos penais e que a empresa lles dea un prazo de tres días para contestar ás súas peticións, cando foron o Concello e Viaqua os que non lograron resolver a cuestión do cobro en trinta anos.

Ademais, coa agravante das dúbidas sobre a legalidade das facturas que está a remitir Viaqua establecendo un cobro retroactivo por cinco anos, cando a Lei limita esa retroactividade a catro anos. E tamén parece bastante cuestionable o recargo dos 66% que está aplicando argumentando un suposta fraude de vertedura, cando é evidente que non existe esa fraude porque é público e notorio que moitos veciños e veciñas intentaron regularizar a situación e foron o Concello e a empresa quen llelo impediu por cuestións técnicas.

O Goberno, que ten que actuar pensando nos intereses da veciñanza e non da empresa concesionaria, debe buscar as vías que impidan o cobro da taxa do saneamento con carácter retroactivo. Ademais, debe estudar tamén as vías para que sexa devoltos os cartos ás persoas que Xa pagaron despois de recibir esta notificación de Viaqua, algo que se pode facer dun xeito doado, a través de bonificacións nos próximos recibos. Neste sentido, consideramos que estamos diante dunha cuestión de vontade política, porque este Goberno tamén iniciou un proceso de regularización da taxa do lixo na zona rural, e neste caso estableceuse un ano de retroactividade para o cobro e sen establecer ningún tipo de recargo. Ademais, é urxente colocar a Oficina Municipal de Atención ao Consumidor ao dispor das persoas afectadas por este proceso, para que reciban todo o asesoramento que precisen para defender os seus intereses.

Tendo en conta todo o anterior, e para que se solucione canto antes esta problemática, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para debate plenario, o seguinte

ACORDO:

1. Instar ao goberno a solicitar á Asesoría Xurídica municipal un informe xurídico sobre a reclamación realizada por VIAQUA, como empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de auga potable e saneamento de augas residuais, a diversas persoas cuxas vivendas foron conectadas á rede de saneamento na década dos 90, sen que mediase contrato por unha suposta decisión do Concello e da empresa concesionaria, debido ao feito da non existencia do servizo de abastecemento de auga; e máis concretamente, se é correcta e axustada a dereito a reclamación de cinco anos como período de cálculo de estimación dos caudais supostamente defraudados; e se é correcto, á vista dos feitos e causas aquí descritos, considerar a existencia de fraude por parte desas persoas usuarias.

2. Baixo o amparo legal do informe da asesoría xurídica, dar instrucións á empresa para que proceda, se corresponde e así se determina, á devolución de todas as cantidades cobradas indebidamente, en forma de bonificación nos futuros recibos a cobrar.

3. Iniciar as accións oportunas, co asesoramento dos entes municipais (Oficina de Atención ao Contribuínte, Asesoría Xurídica, OMIC, etc.) para regularizar a situación das vivendas que se conectaron á rede municipal de saneamento nos anos 90 e que non contaron con autorización de verteduras nin contrato pola decisión de responsables municipais, de forma que non se lles poida aplicar ás persoas titulares a agravante de fraude por parte da empresa concesionaria.”

Durante o debate, ás 12:47 horas sae o señor alcalde e preside a sesión a primeira tenente de alcalde, dona Mercedes Rosón; volve o señor alcalde ás 13:03 horas.

Ás 12:47 horas tamén se ausentan os concelleiros Don Jorge Duarte que volve as 13:11 horas, e Don José Antonio Constenla que volve as 12:56 horas.

Abandona a sesión o concelleiro señor Guinarte Cabada ás 12:57 horas.

Auséntase as 13:04 horas dona Mercedes Rosón e volve ás 13:14 horas.

Tamén se ausente ás 13:15 horas o señor Gonzalo Muíños e volve as 13:17 horas.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de CA, do BNG, do PP e do concelleiro non adscrito (5 CA, 2 BNG, 8 PP e 1 N/A), e 7 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

1. Instar ao goberno a solicitar á Asesoría Xurídica municipal un informe xurídico sobre a reclamación realizada por VIAQUA, como empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de auga potable e saneamento de augas residuais, a diversas persoas cuxas vivendas foron conectadas á rede de saneamento na década dos 90, sen que mediase contrato por unha suposta decisión do Concello e da empresa concesionaria, debido ao feito da non existencia do servizo de abastecemento de auga; e máis concretamente, se é correcta e axustada a dereito a reclamación de cinco anos como período de cálculo de estimación dos caudais supostamente defraudados; e se é correcto, á vista dos feitos e causas aquí descritos, considerar a existencia de fraude por parte desas persoas usuarias.

2. Baixo o amparo legal do informe da asesoría xurídica, dar instrucións á empresa para que proceda, se corresponde e así se determina, á devolución de todas as cantidades cobradas indebidamente, en forma de bonificación nos futuros recibos a cobrar.

3. Iniciar as accións oportunas, co asesoramento dos entes municipais (Oficina de Atención ao Contribuínte, Asesoría Xurídica, OMIC, etc.) para regularizar a situación das vivendas que se conectaron á rede municipal de saneamento nos anos 90 e que non contaron con autorización de verteduras nin contrato pola decisión de responsables municipais, de forma que non se lles poida aplicar ás persoas titulares a agravante de fraude por parte da empresa concesionaria.

8. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA CREAR E APLICAR UN PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO NAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS.

Con data 21 de novembro de 2022, foi presentada a proposición que a continuación se transcribe:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para crear e aplicar un plan de aforro enerxético nas instalacións municipais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tanto a xeración e consumo de enerxía eléctrica como o de gas teñen enormes custos ambientais e son parte dos axentes causantes do actual cambio climático. A racionalización é redución do seu consumo forma parte, por tanto, das accións en favor da sustentabilidade ambiental e para a loita contra o cambio climático.

Tamén temos que ter en conta o forte incremento dos prezos destes bens. Segundo o informe que da Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV) sobre o comportamento do gas en 2021, en só un ano pasouse do prezo máis baixo de toda a serie en 2020, 10,25 euros) ao máis elevado: 47,31 euros en 2021. O prezo do gas subiu, pois, un 361%. No 2022, incrementou o seu prezo e as incertezas de cara ao

inverno.

Con respecto ao prezo da enerxía eléctrica, no actual 2022 está tamén a experimentar fortes incrementos. Salvo en setembro e outubro, os incrementos interanuais sempre estiveron por riba do 30%, mesmo nun par de meses estes rondaron o 85%. Así, as reducións intranuais que se observan en setembro e outubro non deben facernos perder a perspectiva do forte incremento interanual do seu prezo con respecto ao 2021, un ano en que xa o prezo medio máis que se duplicou con respecto ao 2020.

Impulsar unha forte redución do consumo de gas e electricidade pode supoñer un importante aforro económico para o Concello de Santiago, e por tanto, para as e os contribuíntes, ao tempo que é necesario que o Concello de Santiago sexa vangarda nestas accións en prol da sustentabilidade, e deste xeito dar exemplo, mediante un uso racional e sen as actuais dilapidacións destes bens. Para levar isto a cabo, é necesario contar cun plan de aforro enerxético en Santiago de Compostela destinado a minorar o consumo de electricidade e de gas nas instalacións municipais, de cara a xestionar con maior eficiencia, reducir os custes e diminuír a contaminación. Lembremos que o consumo do Concello de Santiago de Compostela no 2021 acadou os 17 Gwh, dos cales máis de 12 Gwh, isto é, o 75% pertencen ao alumeado público.

Entre outras medidas que se poden adoptar para favorecer a sustentabilidade, está a maximización do uso da luz natural, a substitución de lámpadas actuais con lámpadas de baixo consumo situadas á altura adecuada en troques das antigas que dispersan a luz, o illamento mediante o cambio de ventás que non pechan ben, a limitación de infiltracións en portas e ventás, a instalación de reguladores termostáticos, a corrección de fugas de aire en edificios públicos, o apagado de fotocopiadoras e doutra maquinaria con consumo residual constante, a instalación de mantas térmicas en vasos de compensación para evitar fugas de calor e o cambio e limpeza de filtros climatizadores.

Tamén é necesario apagar a subministración eléctrica e o sistema de calefacción fóra do seu horario de uso e nas fins de semana nas instalacións municipais, centros socioculturais, piscinas, bibliotecas, escolas infantís e demais centros públicos cando pechan, algo que non sempre está a acontecer na actualidade. Cómpre regular a temperatura para a correcta climatización destes espazos.

O BNG trasladou en novembro de 2021 unha proposición, aprobada por unanimidade no Pleno da Corporación, para a instalación de paneis fotovoltaicos nos edificios municipais de cara a apostar polas enerxías renovábeis, a soberanía enerxética e o aforro na factura eléctrica. Naquel momento, xa defendeu que era o momento de buscar axudas para apostar polas enerxías renovábeis como a instalación de paneis fotovoltaicos, pois hai axudas tanto do Ministerio de Transición Ecolóxica como dos Feder que poden subvencionar estas instalacións. Esa iniciativa recollía que o Concello de Santiago, no seu rol dual de consumidor e de Administración pública, debe desempeñar unha función exemplarizante na tarefa de descarbonizar a economía e de avanzar na soberanía enerxética municipal e galega. Santiago de Compostela pode, así, estudar a disposición de paneis fotovoltaicos para o aproveitamento eléctrico mediante a enerxía solar nas propias instalacións municipais, colexios, centros deportivos, piscinas e centros socioculturais, entre outros. Con este sistema pódense evitar emisións de CO₂ e de óxido de nitróxeno que contaminan a atmosfera, alén de aforrar grandes cantidades económicas na factura eléctrica municipal.

Tamén o BNG foi o impulsor, mediante numerosas iniciativas durante anos, da necesidade de cambiar a cuberta da piscina do multiusos Fontes do Sar, un feito que xa é unha realidade e supón un importante aforro enerxético con respecto ao gasto anterior de enerxía.

Ademais, cómpre axilizar a modernización do sistema de iluminación pública para a substitución de lámpadas de mercurio e de vapor de sodio polas de tecnoloxía led de baixo consumo, con sensores de detección de movemento, ademais de instalar as farolas a unha altura adecuada para que proxecten a luz cara abaixo evitando apuntar cara ao interior de edificios ou dispersar de xeito ascendente, pois iso provoca contaminación lumínica. Este cambio de iluminación vai favorecer a seguranza cidadá, ademais das melloras ambientais, económicas e de imaxe, tanto da Cidade histórica como do centro urbano e dos barrios de Santiago de Compostela. Neste sentido, cómpre facer un seguimento da empresa concesionaria licitación dun novo para que repoña, alí onde se avarían, e vaia substituíndo o modelo de lámpadas polas novas previstas.

O parque móbil municipal tamén é outro ámbito en que se pode contribuír ao aforro de combustíbel, coa eliminación de vehículos patrulla na Cidade histórica, por exemplo, agás en casos imprescindíbeis en función do seu labor tendo en conta que é unha zona peonil e ir a pé contribúe a que a Policía local poida achegarse á cidadanía, ou mesmo nos desprazamentos habituais programados para dirixir o tráfico na praza de Galiza e nos centros escolares que queden a menos de 1 km do Pazo de Raxoi, evitando así ter que buscar lugares idóneos para aparcaren nas proximidades.

Outra medida que pode poñer en marcha o Concello de Santiago é ofrecer en atención á cidadanía (ou na oficina de consumo) asesoramento sobre recomendacións e boas prácticas de eficiencia enerxética, a análise de facturas desmesuradas e información sobre as subvencións para a instalación de paneis fotovoltaicos, illamento térmico e o abono social. Tamén se pode elaborar unha guía de aforro enerxético, tanto para o persoal municipal como para a veciñanza en xeral, e distribuíla a través das asociacións veciñais.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago adoptará unha serie de medidas contidas nun plan para promover a eficiencia e o aforro enerxético nos espazos públicos, en edificacións e instalacións existentes ou de nova construción, de titularidade pública ou privada, promovendo as ordenanzas necesarias, que inclúen:

- Realización dunha campaña de asesoramento e de sensibilización da cidadanía.
- Axilización para completar a instalación de luminarias de tecnoloxía de baixo consumo LED en zonas públicas de titularidade municipal rúas, prazas, parques, vías de tránsito, peonil ou rodado, etc. minimizando o consumo, alén de facilitar a percepción e visibilidade nocturna de condutores/as e peóns/peoas.
- Aplicación das accións necesarias en edificios e institucións municipais, mediante o investimento en novas tecnoloxías máis eficientes aplicadas de forma xeral á iluminación de edificios e vías públicas, equipamento informático, aos sistemas de quecemento ou ar acondicionado, etc.

- A racionalización horaria no uso dos recursos enerxéticos.
- A redacción dun plan municipal de eficiencia enerxética de cumprimento obrigatorio en todas as instalacións municipais, que inclúa a redución do gasto, o aforro de enerxía, a reutilización de recursos, a reciclaxe de materias, etc.
- Adopción das medidas reguladoras precisas, dentro da observancia das competencias municipais, para a aplicación das medidas que se inclúen nesta proposición, ás edificacións, instalacións e locais comerciais de titularidade privada.
- Nas próximas contratacións ou renovacións de subministracións enerxéticas considerárase como criterio prioritario o subministro de enerxía de fontes renovábeis, aínda que a estrutura do mercado eléctrico dificulta a distinción da procedencia da enerxía consumida, que está condicionada en orixe polas circunstancias da produción.
- Posta en marcha das medidas aprobadas por unanimidade, no Pleno de novembro de 2021, na proposición do BNG para a instalación de paneis fotovoltaicos nas instalacións municipais e outras accións para o desenvolvemento da enerxía solar fotovoltaica.”

Presenta o grupo municipal do PP emenda transaccional “en voz” co obxecto de engadir o seguinte apartado á proposta de resolución: “creación dunha comisión técnica para seguimento do Plan de aforro de enerxía”, que é aceptada.

Sae o señor alcalde ás 13:20 horas e volve ás 13:21 horas.

Ás 13:20 horas saen o señor Prol e a señora Pedrosa, volven ás 13:28 horas e 13:30 horas.

A señora Rozas e o señor Muíños saen ás 13:30 horas e volven ás 13:33 horas.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA do PP e do concelleiro non adscrito (2 BNG, 5 CA, 8 PP e 1 N/A), e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

1. O Concello de Santiago adoptará unha serie de medidas contidas nun plan para promover a eficiencia e o aforro enerxético nos espazos públicos, en edificacións e instalacións existentes ou de nova construción, de titularidade pública ou privada, promovendo as ordenanzas necesarias, que inclúen:

- Realización dunha campaña de asesoramento e de sensibilización da cidadanía.
- Axilización para completar a instalación de luminarias de tecnoloxía de baixo consumo LED en zonas públicas de titularidade municipal rúas, prazas, parques, vías de tránsito, peonil ou rodado, etc. minimizando o consumo, alén de facilitar a percepción e visibilidade nocturna de condutores/as e peóns/peoas.
- Aplicación das accións necesarias en edificios e institucións municipais, mediante o investimento en novas tecnoloxías máis eficientes aplicadas de forma xeral à iluminación de edificios e vías públicas, equipamento informático, aos sistemas de quecemento ou ar acondicionado, etc.

- A racionalización horaria no uso dos recursos enerxéticos.
- A redacción dun plan municipal de eficiencia enerxética de cumprimento obrigatorio en todas as instalacións municipais, que inclúa a redución do gasto, o aforro de enerxía, a reutilización de recursos, a reciclaxe de materias, etc.
- Adopción das medidas reguladoras precisas, dentro da observancia das competencias municipais, para a aplicación das medidas que se inclúen nesta proposición, ás edificacións, instalacións e locais comerciais de titularidade privada.
- Nas próximas contratacións ou renovacións de subministracións enerxéticas considerárase como criterio prioritario o subministro de enerxía de fontes renovábeis, aínda que a estrutura do mercado eléctrico dificulta a distinción da procedencia da enerxía consumida, que está condicionada en orixe polas circunstancias da produción.
- Posta en marcha das medidas aprobadas por unanimidade, no Pleno de novembro de 2021, na proposición do BNG para a instalación de paneis fotovoltaicos nas instalacións municipais e outras accións para o desenvolvemento da enerxía solar fotovoltaica.

2. A creación dunha comisión técnica para seguimento do Plan de aforro de enerxía nas instalacións municipais.

Ás 13:50 horas sae o señor alcalde e presidencia dona Mercedes Rosón, volve o alcalde ás 13:53 horas.

Ás 13:53 horas sae dona Milagros Castro Sánchez que volve ás 13:55 horas.

Ás 13:55 horas sae dona Mercedes Rosón e volve ás 13:5 horas, volvendo a ausentarse ás 14:00 horas e reincorporándose as 14:02 horas.

Ás 14:02 sae o señor alcalde e preside a sesión dona Mercedes Rosón, volve ás 14:10 horas.

9. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA CREAR UN PROGRAMA DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E DE CONCILIACIÓN.

Con data 21 de novembro de 2022 foi presentada a proposición que a continuación se transcribe:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para un programa de actividades extraescolares e de conciliación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As familias compostelás levan anos reclamando que sexa o concello quen organice e xestione as actividades extraescolares, non só para favorecer a conciliación familiar nas tardes dos días lectivos, senón por ser tamén unha oportunidade para achegar as crianzas a través do ocio a contidos musicais, culturais e deportivos que contribúan á súa formación integral dun xeito lúdico. Para alén das cuestión puramente formativas,

estes espazos teñen un interese acrecentado por permitir traballar de xeito específico con valores transversais, desde o respecto polo patrimonio e polo medio á necesaria coeducación e loita pola igualdade xunto coa promoción do uso da lingua galega.

As actividades extraescolares nos centros educativos de Santiago dependen da boa vontade das ANPAS, da súas posibilidades para planificalas e xestionalas, sendo dispares entre centros tanto en tipoloxía da oferta, calidade e prezos.

Tras a pandemia a vida nos centros escolares normalizouse, así como tamén a actividade laboral e social; as familias con cativos/as precisan deste tipo de actividades, en que se garanta a súa calidade, continuidade e ao tempo teñan un custo accesíbel á súa situación socioeconómica.

Este plan suporía:

Contar cunha programación de calidade para todas as crianzas do concello

Ofrecer actividades valiosas desde o punto de vista socioeducativo e do lecer, que non só desenvolvan a creatividade, a actividade física, que os acheguen a nosa cultura e nosa música, senón que sirvan tamén para desenvolver actitudes e comportamentos igualitarios, inclusivos e respectuosos co medio e o patrimonio e potenciar a creatividade persoal.

Garantir o acceso de todas as persoas menores a este tipo de actividades ao adaptar o custo para as familias á súa situación socioeconómica ofertando prezos diferentes en función da renda familiar. A política de bolsas para actividades extraescolares que existe neste momento non é funcional. Non considera situacións intermedias, non se resolve a tempo, o que leva a que nenos/as ou non inicien as actividades en setembro ou as familias que están en lista de agarda como este curso teñan que costearlas os primeiros meses.

É preciso, pois, redactar o proxecto dun programa ou plan municipal de actividades extraescolares promovido pola Concellaría de Educación, como tamén, é preciso ter un programa municipal de conciliación para cando remata o período lectivo. O programa municipal de conciliación debe propoñerse como un paquete (Entroido, Semana Santa, verán e Nadal) con maior número de actividades e tamén máis descentralizado. Desde esa perspectiva xulgamos imprescindible a súa extensión a máis centros educativos que os actuais, tal e como vén demandado a Federación de ANPAS desde hai anos.

O grupo municipal do BNG xa trouxo esta iniciativa ao pleno desta corporación e, moi concretamente, en novembro de 2016 foi aprobada por unanimidade. No entanto, o BNG de Santiago mais, sobre todo, as nais e os pais das crianzas ven como curso tras curso a organización das actividades de conciliación foi indo a peor e o plan municipal de actividades extraescolares ficou nun soño incumprido de Nadal.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago de Compostela incluírá nos Orzamentos de 2023 ou, en todo caso, desenvolverá a partir do próximo ano, un programa integral de actividades municipais extraescolares e de conciliación consensuado coa FANPA.”

Á presente proposición presenta emenda transaccional “en voz” o grupo municipal do PP para engadir “e outros axentes sociais” ao final do texto da proposta de resolución, que foi aceptada.

Rematado o debate o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PP (2 BNG, 5 CA e 8 PP) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE e concelleiro non adscrito (7 PSdeG-PSOE e 1 N/A), acorda que o concello Compostela incluíra nos orzamentos de 2023 ou, en todo caso, desenvolverá a partir do próximo ano, un programa integral de actividades municipais extraescolares e de conciliación consensuado coa FANPA e outros axentes sociais.

Faise un recesso cando son as 14:10 horas e volve a retomarse a sesión ás 16:10 horas.

Incorpórase á sesión o señor Guinarte Cabada.

Non se incorpora a sesión o señor Ramón Quiroga, ata ás 16:25 horas.

10. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A ACTUALIZACIÓN DE ZONAS ACUSTICAMENTE SATURADAS.

Con data 21 de novembro de 2022, foi presentada a proposición que a continuación se transcribe:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ruído, particularmente o ruído nocturno, é un grave problema que non ten suscitado o compromiso desta Corporación na súa resolución, malia a preocupación e as propostas que se teñen formulado desde este Grupo Municipal.

O ruído, e especialmente o ruído nocturno, afecta gravemente á saúde das persoas que reiteradamente o padecen e reduce o valor das súas vivendas. A fin de evitar a intensificación do problema e, incluso, de atenuar o mesmo, tense recoñecido e declarado a existencia dunhas “zonas saturadas” cunha regulación particular, na que se pode contemplar, con menor ou maior decisión, a limitación de actividades (de locais e terrazas, ou no dominio público) -actividades que propician un maior cúmulo de xente en determinadas rúas-, ou se pode contemplar a priorización dos mecanismos de control, entre outras posibles medidas.

Desgraciadamente, a mediados do ano 2017, coa escusa dunha actualización e harmonización normativa, produciuse unha regresión ambiental nos criterios de protección fronte ao ruído do Concello de Santiago; posibilitouse o que ata entón non era posible: a ampliación de capacidade en zonas saturadas; e así, locais do Ensanche que tiñan unha capacidade máxima de 400 ou de 300 persoas tiveron a posibilidade de solicitar, respectivamente, unha capacidade de 711 ou de 511 persoas, dándose una situación semellante na cidade histórica, a escala menor pero non menos grave, pois se trata de rúas nas que o ruído se transmite con moita facilidade.

Falamos dunha ampliación de capacidades que xera un maior nivel de ruído nesas rúas e imposibilita o exercicio das funcións da denominada “policía de tranquilidade”.

Con anterioridade, -e malia a existencia de recomendacións do Valedor do Pobo desde mediados dos anos noventa- o Concello de Santiago implantara con retraso o instrumento da declaración e regulación específica das zonas saturadas, cando xa favorecera a concentración de locais de ocio en determinadas rúas. Aínda así, a implantación das zonas saturadas impediu (coas excepcións comentadas anteriormente derivadas do cambio do ano 2017) que o problema se acrecentase e, mesmo, indirectamente contribuíu á rexeneración de determinadas rúas.

Transcorridos cinco anos desde a última revisión, cómpre actualizar a regulación das zonas saturadas, nunha tripla dimensión:

- na súa extensión, pois todo apunta a que hai espazos da cidade, como pode ser a Pescadería Vella, onde se superan os niveis tolerables de ruído nocturno;
- no relativo á ambición das medidas a adoptar;
- e no rango normativo da regulación.

É por isto, polo que o Grupo Municipal Popular somete á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

O Pleno do Concello de Santiago insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a:

Realizar estudos sonométricos que actualicen as zonas saturadas (ZAS).

Realizar actuacións que persigan a progresiva redución dos niveis sonoros naquelas.

Dotar á regulación das zonas saturadas do máis oportuno rango e encaixe normativo.”

Presenta unha emenda transaccional o grupo municipal de CA para engadir un apartado á proposta de acordo: *“Manter as políticas de axudas públicas a través do Consorcio iniciadas no anterior mandato para a mellora do illamento acústico nas vivendas existentes en zonas saturadas”*, que é aceptada.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda instar ao correspondente órgano do Goberno municipal a:

- Realizar estudos sonométricos que actualicen as zonas saturadas (ZAS).
- Realizar actuacións e campañas de concienciación encamiñadas á progresiva redución dos niveis sonoros no exterior dos locais e nas rúas das zonas saturadas.
- Dotar á regulación das zonas saturadas do máis oportuno rango e encaixe normativo.
- Manter as políticas de axudas públicas a través do Consorcio iniciadas no anterior

mandato para a mellora do illamento acústico nas vivendas existentes en zonas saturadas.

11. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA A MELLORA DA MOBILIDADE NA CONTORNA DO “CAMPUS” DE LAMAS DE ABADE.

Incorporase á sesión o concelleiro Quiroga Limia.

Con data 21 de novembro de 2022, foi presentada a proposición que a continuación se transcribe:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. A proposta de acordo ten como obxectivo que o goberno municipal considere a proposta elaborada pola ANPA do IES Lamas de Abade para realizar as pertinentes actuacións de mellora na contorna dos centros educativos da zona, co obxectivo de mellorar a mobilidade e a seguranza viaria tanto para peóns como para vehículos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nos últimos anos toda a zona de Lamas de Abade, no barrio do Castiñeiriño, tense convertido nun auténtico Campus educativo que conta con numerosos centros de ensino como o propio Instituto de Ensino Secundario Lamas de Abade, o Colexio público de infantil e primaria Lamas de Abade, o Centro Integrado de Formación Profesional Compostela, o Xardín de Infancia Raiola ou mesmo o Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) e o Centro de Educación Especial Duques de Lugo.

Tal concentración de centros produce uns grandes problemas de mobilidade por causa desta converxencia de alumnado e familias, moitas veces ás mesmas horas do día e durante case toda a xornada. No mandato anterior, o goberno de Compostela Aberta tiña este problema detectado e comezou a actuar para mellorar a mobilidade peonil na contorna dos centros, para posteriormente procurar un abordamento da mobilidade de vehículos.

Así, nesa zona, e mediante o proceso dos Orzamentos Participativos de 2017 aprobáronse dúas propostas, que foron as máis votadas, por iniciativa da ANPA do CEIP Lamas de Abade. En concreto a construción da senda peonil cuberta que une o Centro de Educación Infantil e Primaria co CIFP, onde os nenos e nenas do CEIP teñen o servizo de comedor. Unha actuación, orzada en 60.000 euros, e que permite que as crianzas realicen o percorrido ata a escola de hostalería dun xeito máis seguro, e a salvo das inclemencias do tempo. A outra actuación pendente en Lamas de Abade era a mellora dos accesos aos centros educativos, e que naquela altura foi orzamentada en 136.000 euros. Un proxecto que non puido levar adiante pendente da concesión de permisos por parte doutra administración.

Xa no actual mandato municipal, a ANPA do IES Lamas de Abade encargou un proxecto no que contando coa cesión de terreo por parte da Consellaría de Educación e o CEIP - que xa mostraron a súa disposición favorable- procúrase ordenar o tránsito rodado e peonil na contorna dos centros, sobre todo no actual cruce de camiños onde converxen varios itinerarios. Neste punto, para favorecer a mobilidade e sobre todo a convivencia do tránsito dos autobuses escolares co tránsito rodado residencial

propoñen unha glorieta para poder delimitar a circulación nun único sentido da marcha. Con estas actuacións aproveitaríase esta actuación para xenerar e difinir o espazo público que rodea ao cruceiro e á capela creando unha zona de estar-miradoiro. Ademais neste mesmo proxecto propónse na Rúa Divina Pastora realizar o tránsito peonil ao abrigo da fileira de árbores actualmente existente e pola zona verde par chegar ata o propio edificio do CEIP.

Esta proposta de mobilidade elaborada pola ANPA foi cuantificada, en abril do 2021 en 165.964,46€ como base de licitación, incluíndo as demolicións e retranqueos, os movementos de terras, os novos firmes e pavimentos, os peches, a iluminación e ata a xestión de residuos. Unha proposta da que é coñecedora o goberno municipal e que pode solicitarse á propia ANPA do IES Lamas de Abade, quen ten mostrado esta actuación como prioritaria nesta contorna, ao igual que a ANPA do CEIP e a AVV do Castiñeiriño quen é da mesma opinión sobre a necesidade e urxencia desta obra.

Sen embargo o Concello de Santiago licitou a "Mellora dos accesos peonís cara aso centros educativos de Lamas de Abade (FASE I)" por 85.000€ actuando na rúa da Chaparra e a rúa Lamas de Abade, obra realizada recentemente é que se manifesta como insuficiente e mesmo mal executada se temos en conta as queixas continuas que manifesta a comunidade educativa destes centros.

Tendo en conta todo o anterior, que os problemas de mobilidade no 'campus' de Lamas de Abade aínda non están resoltos, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para debate plenario, o seguinte **ACORDO**:

Instar ao correspondente órgano de goberno a ter en conta o anteproxecto elaborado pola ANPA do IES Lamas de Abade para realizar as pertinentes actuacións de mellora na contorna dos centros educativos da zona, co obxectivo de mellorar a mobilidade e a seguranza viaria tanto para peóns como para vehículos."

Á presente proposición presentou emenda o grupo municipal do BNG para engadir un segundo punto, que non foi aceptada polo grupo propoñente da proposición.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes ao concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 8 PP e 1 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE e non adscrito (8 PSdeG-PSOE e 1 N/A), acorda instar ao correspondente órgano de goberno a ter en conta o anteproxecto elaborado pola ANPA do IES Lamas de Abade para realizar as pertinentes actuacións de mellora na contorna dos centros educativos da zona, co obxectivo de mellorar a mobilidade e a seguranza viaria tanto para peóns como para vehículos.

12. DAR CONTA DA COMUNICACIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DESIGNANDO REPRESENTANTES NAS COMISIÓNS PERMANENTES E ESPECIAIS.

Dáse conta dos representantes do grupo municipal Socialista na Comisión Especial de Reclamacións e Suxestións:

Titulares:

Don Gonzalo Muíños Sánchez.

Don Rubén Prol Mariño.

Suplentes: os demais concelleiros e concelleiras do grupo municipal.

13. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS.

Dáse conta das seguintes resolucións da alcaldía:

De data 14 de novembro de 2022, co seguinte contido:

“Os centros socioculturais foron os equipamentos municipais que se viron afectados de xeito máis grave no seu funcionamento pola pandemia da covid-19, resentíndose de maneira moi relevante na súa actividade.

Conscientes do valor que os centros socioculturais teñen para o tecido social dos barrios e parroquias, é necesario darlles un pulo que reactive a súa actividade e, para ese fin considérase que é fundamental incrementar a súa coordinación coa actividade cultural do Concello.

En exercicio da competencia que me outorga o artigo 124 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e 31 e seguintes do Regulamento orgánico de goberno e administración do Concello de Santiago de Compostela (BOP do 6 de marzo de 2012).

RESOLVO:

Primeiro. Nomear Delegada desta Alcaldía, coas facultades de dirección e xestión dos servizos que se sinalan, á concelleira que se nomea:

CONCELLARÍA DE CENTROS SOCIOCULTURAIS, a dona Mercedes Rosón Ferreiro, con competencias na rede de centros socioculturais.

Queda sen efecto a delegación efectuada o 17 de xuño de 2019 para esa mesma materia.

Segundo. A delegación da Alcaldía inclúe, de acordo co previsto no artigo 124 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, as seguintes competencias:

- Coordinar a actividade e funcionamento dos centros socioculturais e dirixir inspeccionar e impulsar os centros socioculturais situados na zona urbana.
- Autorizar as actuacións e os gastos e pagamentos correspondentes dentro dos límites que estableza a Xunta de Goberno Local e as Bases de Execución do Orzamento.
- Organizar o funcionamento ordinario dos departamentos para acadar a optimización dos recursos materiais e humanos de acordo co establecido na relación de postos de traballo e na normativa aplicable.
- Propoñer a definición dos procesos de selección e dotación de persoal incluído no ámbito de responsabilidade da concellaría.
- Dirixir os actos ordinarios de trámite administrativo, ordenar a tramitación de expedientes e formular as propostas que corresponda resolver a calquera dos órganos

do goberno municipais.

- A concelleira terá delegación de sinatura para as competencias recollidas nos epígrafes anteriores, podendo ditar os actos administrativos correspondentes, debendo dar conta á primeira Xunta de Goberno que se celebre de todas as resolucións asinadas, así como para os acordos e convenios que correspondan á súa área con outras instancias ou entidades, logo da aprobación pola Xunta de Goberno Local cando non estea incluído nas súas competencias.

A sinatura dos actos derivados de competencias non delegadas será efectuada polo Alcalde.

- Delégase a facultade de representación desta Alcaldía para a petición, tramitación e aceptación de subvencións convocadas por persoas xurídicas públicas ou privadas. Esta delegación non afecta ás competencias que nesta materia poidan estar atribuídas á Xunta de Goberno Local ou a outros órganos municipais.

- Delégase así mesmo a competencia da potestade sancionadora que poida corresponder a esta Alcaldía dentro do ámbito material das súas competencias.

A delegación de competencias comprenderá a facultade de resolver os recursos de reposición contra os actos ditados polo órgano delegado.

Terceiro. Desta resolución, que entrará en vigor o día de hoxe, darase conta ao Pleno da Corporación e notificarase aos interesados. Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.”

De data 22 de novembro de 2022, co seguinte contido:

“En data 21 de novembro de 2022, o concelleiro don José Javier Fernández Martínez comunicou a súa renuncia ás delegacións que lle foran conferidas por decretos da Alcaldía de data 17 e 21 de xuño de 2019, así como á súa condición de membro da Xunta de Goberno Local e ás atribucións delegadas por este órgano.

Á vista do exposto, a Alcaldía, por decreto do 22 de novembro de 2022, resolveu revogar e deixar sen efecto as delegacións conferidas a don José Javier Fernández Martínez e cesalo como membro da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago.

Visto o acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria do 28 de xuño de 2019, sobre o réxime de indemnizacións e dedicacións exclusivas e parciais dos membros da Corporación.

En exercicio da competencia que me outorgan os artigos 75, 75 bis e 75 ter da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, do art. 13.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, e a Orde de 12 de marzo de 1986 sobre alta e cotización ao réxime xeral da Seguridade Social dos membros das corporacións locais con dedicación exclusiva.

RESOLVO:

Primeiro. Revogar e deixar sen efecto a designación para o desempeño do seu cargo en réxime de dedicación exclusiva, coa percepción das retribucións correspondentes, a don José Javier Fernández Martínez.

Segundo. Desta resolución, que entrará en vigor o día de hoxe, darase conta ao Pleno da Corporación e notificarase ao interesados. Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.”

De data 22 de novembro de 2022, co seguinte contido:

“No día de onte, 21 de novembro de 2022, o concelleiro don José Javier Fernández Martínez comunicou a súa renuncia ás delegacións que lle foran conferidas por decretos da Alcaldía de data 17 e 21 de xuño de 2019, así como á súa condición de membro da Xunta de Goberno Local e ás atribucións delegadas por este órgano.

Co fin de acadar unhas maiores eficiencia e eficacia na xestión e para a mellor satisfacción dos intereses da cidadanía, é conveniente reorganizar a estrutura administrativa do concello.

En exercicio da competencia que me outorga o artigo 124 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e 31 e seguintes do Regulamento orgánico de goberno e administración do Concello de Santiago de Compostela (BOP do 6 de marzo de 2012).

RESOLVO:

Primeiro. Revogar e deixar sen efecto o nomeamento como Delegado desta Alcaldía conferido a don José Javier Fernández Martínez para a dirección e xestión das materias de Barrios, Obras e Relacións Veciñais con competencia na zona urbana.

Segundo. Nomear Delegados desta Alcaldía, coas facultades de dirección e xestión dos servizos que se sinalan, a:

- CONCELLARÍA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE CIDADÁ, BARRIOS, OBRAS E RELACIÓNS VECIÑAIS (relacións veciñais con competencias na zona urbana), a don Gonzalo Muíños Sánchez, con competencias na Policía Local, Tráfico, servizos da Grúa e ORA e sobre a Brigada Municipal de Obras.

- CONCELLARÍA DE PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTUCIONAIS, TURISMO, FESTAS, PROTECCIÓN CIVIL E SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E EMERXENCIAS E DELEGADO DO ANO SANTO, a don Gumersindo Guinarte Cabada, con competencias en Turismo, INCOLSA cooperación, dereitos cidadáns e padrón de habitantes. Así como a delegación xeral de sinatura.

As presentes delegacións deixan sen efecto as efectuadas sobre as mesmas materias en data 17 e 24 de xuño de 2019.

Terceiro. As delegacións da Alcaldía inclúen, de acordo co previsto no artigo 124 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, as seguintes competencias:

- Coordinar a actividade e funcionamento e dirixir inspeccionar e impulsar os servizos da súa competencia.
- Autorizar as actuacións e os gastos e pagamentos correspondentes dentro dos límites que estableza a Xunta de Goberno Local e as Bases de Execución do Orzamento.
- Organizar o funcionamento ordinario dos departamentos para acadar a optimización dos recursos materiais e humanos de acordo co establecido na relación de postos de traballo e na normativa aplicable.
- Propoñer a definición dos procesos de selección e dotación de persoal incluído no ámbito de responsabilidade da concellaría.
- Dirixir os actos ordinarios de trámite administrativo, ordenar a tramitación de expedientes e formular as propostas que corresponda resolver a calquera dos órganos do goberno municipais.
- A concelleira terá delegación de sinatura para as competencias recollidas nos epígrafes anteriores, podendo ditar os actos administrativos correspondentes, debendo dar conta á primeira Xunta de Goberno que se celebre de todas as resolucións asinadas, así como para os acordos e convenios que correspondan á súa área con outras instancias ou entidades, logo da aprobación pola Xunta de Goberno Local cando non estea incluído nas súas competencias.

A sinatura dos actos derivados de competencias non delegadas será efectuada polo Alcalde.

- Delégase a facultade de representación desta Alcaldía para a petición, tramitación e aceptación de subvencións convocadas por persoas xurídicas públicas ou privadas. Esta delegación non afecta ás competencias que nesta materia poidan estar atribuídas á Xunta de Goberno Local ou a outros órganos municipais.
- Delégase así mesmo a competencia da potestade sancionadora que poida corresponder a esta Alcaldía dentro do ámbito material das súas competencias.

A delegación de competencias comprenderá a facultade de resolver os recursos de reposición contra os actos ditados polo órgano delegado.

Cuarto. Cesar como membro da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago a don José Javier Fernández Martínez.

Quinto. Nomear como membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes concelleiros/as:

- Dona Esther Pedrosa Carrete.
- Don Rubén Prol Mariño.

Sexto. Desta resolución, que entrará en vigor o día de hoxe, darase conta ao Pleno da Corporación e notificarase aos interesados. Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.”

14. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas do período dende 21 de outubro ata o 17 de novembro de 2022 (ambos inclusive).

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas da Xunta de Goberno:

ASUNTO XGL/2022/00047071K

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 24 de outubro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00048009Q

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 26 de outubro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00048338T

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 28 de outubro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00048339R

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 31 de outubro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00048870A

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 2 de novembro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00049281T

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 4 de novembro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00049166T

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 7 de novembro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00049728X

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 8 de novembro de 2022.

15. SOLICITUDE PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE COMPARECENCIA DO CONCELEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE, SEGURIDADE CIDADÁ E FESTAS SOBRE A CAÓTICA SITUACIÓN DO TRANSPORTE URBANO.

Á vista do escrito presentado polo grupo municipal do BNG con data do 22 de novembro de 2022, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda a comparecencia do concelleiro delegado de mobilidade, seguridade cidadá e festas para a vindeira sesión plenaria ordinaria que se celebre.

16. SOLICITUDE PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA DE COMPARECENCIA DO CONCELEIRO DE MOBILIDADE E SEGURIDADE CIDADÁ, BARRIOS E RELACIÓNS VECIÑAIS PARA EXPLICAR AS LIÑAS DE ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE OBRAS.

Á vista da solicitude presentada polo grupo municipal de CA de data 24 de novembro de 2022, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda a comparecencia do concelleiro delegado de mobilidade e seguridade cidadá, barrios e relacións veciñais para a vindeira sesión plenaria ordinaria que se celebre.

17. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Interpelacións:

1. Formulada polo BNG sobre as actividades teatrais nos centros socioculturais.
2. Formulada por CA sobre o pago de subvencións a entidades deportivas, sociais e culturais correspondentes a 2022.

Rogos:

1. Formulado polo PP para a limpeza, mantemento e conservación dos bancos en espazos públicos.
2. Formulado polo PP para adecuar un equipamento da rede de saneamento na rúa da Ponte de San Lázaro de abaixo.
- 3.- Formulado polo PP para o traslado ou ocultación dos colectores de lixo situados diante da igrexa de San Martiño Pinario.
4. Formulado por CA sobre as melloras necesarias na escola infantil de Laraño.
5. Formulado polo BNG para abrir aseos no estadio multiusos Verónica Boquete-San Lázaro.
6. Formulado polo BNG para acondicionar a contorna do multiusos Fontes do Sar.
7. Formulado polo BNG para modificar o trazado da rúa do Hórreo.
8. Formulado por CA sobre a casa en ruínas na rúa Sánchez Freire, núm. 75.
9. Formulado por CA sobre as obras de rehabilitación do Museo do Pobo Galego.

Preguntas resposta oral:

1. Formulada por CA sobre a instalación de elementos deportivos e polivalentes no campo multiusos do Castiñeiriño.
2. Formulada polo PP sobre o control das concentracións nocturnas nos parques públicos para evitar rúidos e consumo de bebidas.
3. Formulada polo PP sobre a falta de execución do proxecto de “acondicionamento do camiño agrícola en Requesende-Sabugueira”.
4. Formulada polo PP sobre a situación dos servizos e acondicionamento na zona do SUNP-14 (entre o periférico e o Restollal).
5. Formulada por CA sobre estacionamento na Colexiata de Sar.
6. Formulada polo BNG relativa ao aparcadoiro de Sar situado nas inmediacións do campo de fútbol.
7. Formulada polo BNG relativa á rede de saneamento do núcleo de Formarís parroquia Enfesta.
8. Formulada polo BNG pregunta pendente de contestación en relación ao orzamento da obra dos Concheiros.
9. Formulada por CA sobre muro de pedra da rúa Fervenza no barrio de Conxo.

Preguntas resposta escrita:

- 1.- Formulada polo PP sobre as intervencións no festival de muralismo “Compostela Contemporánea”.
2. Formulada por CA sobre os contratos asinados co grupo Correo Gallego.
3. Formulada polo BNG sobre filtracións de auga na intermodal.
4. Formulada polo BNG medidas adoptadas polo goberno en relación á proposición aprobada en novembro de 2020, relativa á prevención do suicidio.

No transcurso do debate do presente punto auséntase cando son as 16:45 horas o señor Sánchez-Brunete e volve ás 18:40 horas.

Antes de pasar ás preguntas escritas faise un receso cando son as 18:20 horas ata as 18:40 horas, non se reincorporan dona María Castelao e don Ramón Quiroga.

A pregunta oral que figura na relación co número 3, aprázase o seu debate para a sesión plenaria ordinaria de decembro.

18. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓN PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS:

As mocións que figuraban relacionadas na orde do día cos núms. 1, 6 e 8, trasládanse para ser tratadas na sesión plenaria ordinaria de decembro, por ausencia do concelleiro señor Pichel.

Así mesmo, alterase a orde do debate e votación das mocións e, a moción de urxencia conxunta dos grupos municipais para solicitar que o actual Hospital Provincial de Conxo pase a denominarse “Hospital de Conxo Ramón Baltar”, vai ser tratada en primeiro lugar, e a que figuraba como núm. 9 na orde do día, moción conxunta tamén de todos os grupos políticos municipais, relativa a impulsar a contratación de profesionais da interpretación da linguaxe de signos, en segundo lugar, as outras seguirán a orde que tiñan establecida na orde do día.

MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS SOCIALISTA, POPULAR, COMPOSTELA ABERTA E BNG PARA SOLICITAR QUE O ACTUAL HOSPITAL PROVINCIAL DE CONXO PASE A DENOMINARSE “HOSPITAL DE CONXO RAMÓN BALTAR”

A vida do doutor Ramón Baltar Domínguez está e estará sempre vencellada aos avances históricos e sociais da nosa cidade, de Santiago de Compostela. Este recoñecido cirurxián foi o que propuxo que unha parte do Hospital de Galeras se destinase á beneficencia e que se construíse o Hospital Provincial de Conxo. Estes son motivos máis que suficientes para que as persoas que forman parte da Corporación Municipal, recollendo a proposta da Comisión Cívica a prol do “Hospital de Conxo Ramón Baltar”, solicitemos que o Hospital Provincial de Conxo leve o nome deste destacado médico.

Ramón Baltar naceu no centro mesmo da nosa cidade no que era entón “Gran Hospital de Santiago y Casa de Expósitos”, onde o seu pai, Ángel Baltar Cortés era cirurxián e director. Criouse nas rúas santiaguesas e formouse na Universidade, onde foi profesor até que foi apartado tras sucesivos expedientes que se lle abriron despois de 1936 debido ás súas conviccións democráticas. Isto foi o que tamén lle aconteceu ao seu irmán Antonio, médico como el. Desempeñou con excelencia a cirurxía tanto no Gran Hospital, do que foi director, como no moderno sanatorio familiar.

Xunto á altura técnica e científica como cirurxián, que atraía pacientes desde distintos lugares do Estado, destacamos a súa insistencia na defensa do carácter humanitario da Medicina.

Como decano da Beneficencia Provincial foi belixerante na reclamación de fondos para a “Gota de leite” ou o Hospital de Conxo, e destaca tamén a súa solitaria defensa do Gran Hospital en 1953, cando foi clausurado para transformalo en hotel, como a reclamación dun hospital de beneficencia que deu como resultado o chamado “Hospital Provincial” dependente da Deputación. Posteriormente esa batalla persoal, xa transformada nunha reclamación local asumida por todo o mundo, deu paso ao actual “Hospital Provincial de Conxo” que don Ramón xa non puido ver pois morreu en 1982, tres anos antes da inauguración.

Esa defensa da sanidade como servizo ás persoas necesitadas cando non había unha cobertura sanitaria para toda a poboación, practicouna tamén asiduamente no “Sanatorio Baltar”.

Foi historiador da Medicina, concretamente da Escola Médica santiaguesa, e estudou e publicou sobre a historia dos hospitais e do Gran Hospital Real de Santiago. Así mesmo a súa preocupación polas necesidades da poboación e as carencias hospitalarias fixo que escribise diversos traballos, algúns deles argumentando a pertinencia da continuidade do hospital santiagués, sobre a política hospitalaria. E, malia estar apartado da Universidade, investigou e publicou pola súa conta traballos científicos de cirurxía.

Ramón Baltar foi tamén un exemplo de militancia cívica, comprometido coa loita pola democracia nos momentos máis difíciles, acoollendo e protexendo vítimas da ditadura, entre elas a nai e irmás de Castelao e de Rafael Dieste. Así mesmo, foi protector de artistas e participou dos proxectos de reconstrución da cultura galega na posguerra, concorrendo con outros conveciños nosos como Xosé Mosquera ou Xosé Villar Granjel, na recuperación da casa de Rosalía de Castro e o Padroado Rosalía de Castro, do que foi conselleiro. Foi, ademais, un dos fundadores da primeira editora galega na posguerra, “Bibliófilos Gallegos”, onde publicou ensaios históricos de Medicina ou un ensaio sobre as relacións de Castelao co oficio médico.

O cirurxián Ramón Baltar Domínguez, conveciño e concidadán é un dos mellores exemplos de civismo que podemos ter na historia recente de Santiago de Compostela. É ademais, un referente a nivel social xa que, en tempos complicados, como os da ditadura franquista, foi quen de, con moitas dificultades, mellorar a calidade sanitaria coa dotación destas infraestruturas hospitalarias para persoas de toda condición social e con carácter público.

Por todo iso, o Concello de Santiago de Compostela,

SOLICITA á Xunta de Galicia que o actual Hospital Provincial de Conxo pase a denominarse “Hospital de Conxo Ramón Baltar”.

MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PSOE, PP COMPOSTELA ABERTA E BNG PARA IMPULSAR A CONTRATACIÓN DE PROFESIONAIS DA INTERPRETACIÓN DE LINGUA DE SIGNOS NO CONCELLO DE SANTIAGO

Os catro grupos municipais con representación na Corporación municipal, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Convención Internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade, ratificada polo Estado español, define por linguaxe tanto a lingua oral como a lingua de signos e outras formas de comunicación non verbal. No seu artigo 21 recolle, ademais, o dereito das persoas con discapacidade auditiva a recabar, recibir e facilitar información en igualdade de condicións que as demais mediante a forma de comunicación que elixan.

A Lei 27/2007, de 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos

españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas incluíu unha disposición final cuarta, pola que manditou ao Goberno a elaborar un regulamento específico que desenvolvera a utilización da lingua de signos, así como os apoios para calquera tipo de axuda técnica para a eliminación das barreiras de comunicación para a inclusión social e a participación efectiva das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas. Non foi ata 15 anos despois cando se cumpriu esta disposición, e na actualidade, o Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 téñen presentado o proxecto de Real Decreto polo que se aprobará ese regulamento das condicións de utilización da lingua de signos española e dos medios de apoio á comunicación oral para as persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas. Tal e como se recolle no proxecto, “as Administracións Públicas garantirán o uso da lingua de signos que lles permita ás persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas o acceso á comunicación e a información e a exercer os seus dereitos á atención integral, a vivir de forma independente e a participar plenamente en todos os aspectos da vida”.

O regulamento no que está a traballar o Goberno estatal non estará en vigor ata ben entrado o ano 2023, pero as administracións públicas, tamén a local, deberan xa seguir avanzando para superar as barreiras que lles afectan a estas persoas. Ese é o principal obxectivo co que traballan entidades como a Asociación de Persoas Xordas de Santiago, unha entidade sen ánimo de lucro fundada en 1977 co obxectivo de mellorar a calidade de vida das persoas xordas e xordocegas e de acadar a súa plena integración e igualdade de condicións. Na actualidade, conta con 166 socios e socias en Compostela e na súa comarca, que seguen loitando para eliminar as barreiras de comunicación aínda existentes para estas persoas, tamén no Concello de Santiago.

A Asociación de Persoas Xordas de Santiago vén reclamando que o Concello de Santiago adopte medidas para garantir unha atención accesible ás persoas xordas e xordocegas, tales como a contratación pública de profesionais intérpretes da lingua de signos. A entidade mesmo ofreceu a súa experiencia e os medios da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia para que o de Santiago sexa o primeiro concello galego en contar con profesionais deste perfil profesional, que son fundamentais para garantir a eliminación das barreiras comunicativas do colectivo.

Os e as intérpretes de lingua de signos son a figura que pode garantir unha correcta comunicación entre persoas oíntes e persoas xordas e xordocegas, da mesma maneira que o son os tradutores de linguas orais en situacións nas que os intervenientes non comparten o mesmo idioma. De aí a necesidade de que o Concello de Santiago incorpore entre o seu persoal profesionais da interpretación da lingua de signos para servizos de atención cidadá da administración local, así como para actos públicos ou roldas de prensa que sexan de interese para a veciñanza.

Doutra banda, en Galicia temos aínda como materia pendente o recoñecemento da Lingua de Signos Galega. A este respecto, a Deputación da Coruña e a Organización de Diversidade Sensorial de Galicia “Xoga” veñen de presentar no pasado verán un informe que aclara definitivamente as dúbidas sobre a existencia real da Lingua de Signos Galega, unha investigación que serve de base para que a Xunta impulse este recoñecemento que está pendente desde hai unha década e que fai que, a día de hoxe, as traducións dunha intervención oral en galego se pase á Lingua de Signos Española, o que xeral problemas de comprensión e comunicación na vida diaria das persoas xordas ou xordocegas de Galicia.

Así pois, tendo en conta todo o anterior, os grupos municipais do PSdeG, PP,

Compostela Aberta e BNG presentan á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

1. Instar ao correspondente órgano de goberno a impulsar as medidas necesarias para a contratación dun profesional da interpretación de lingua de signos para garantir a accesibilidade aos servizos de atención cidadá da administración local e aos actos públicos das persoas xordas e xordocegas.
2. Instar á Xunta de Galicia a iniciar o procedemento para o recoñecemento oficial da lingua de signos galega, así como o dereito a aprendela e usala.

MOCIÓN SOBRE A PLANIFICACIÓN PARA A PROGRESIVA SUBSTITUCIÓN DE PAVIMENTOS DE CHAPACUÑA NAS RÚAS E A MELLORA DA RÚA DE ENFESTA

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai décadas, os distintos Gobernos municipais veñen acometendo -con financiamento propio ou mediante a colaboración con outras instancias- a substitución dos pavimentos de empedrado ou chapacuña por formigón, con elementos transversais de granito, principalmente nos arredores do núcleo monumental da cidade. O obxectivo principal das actuacións atendía a solucionar o deterioro destes pavimentos, que con frecuencia mostran un perfil irregular, heteroxéneo, con desniveis e remendos que dificultan a accesibilidade e o tránsito, tanto de peóns como de vehículos. A mestura de formigón e granito proporciona unha maior resistencia, durabilidade e reduce o ruído, ofrecendo máis comodidade e funcionalidade.

Conforme a eses criterios realizáronse hai anos importantes melloras no Camiño Francés, en San Lourenzo, na rúa de Sar ou, máis recentemente, nas rúas Carretas, Espírito Santo, Patio de Madres, Castrón Douro ou Concheiros, por citar algúns dos moitos exemplos que se poderían enumerar.

A pesar desas actuacións, na actualidade quedan aínda moitas rúas con este tipo de pavimentos irregulares (Hortas, Rosario, Bonaval, Loureiros..), que presentan un acusado deterioro e que agardan por unha planificación que sinala prioridades e sirva de guía para a afrontar a redacción dos seus proxectos e as previsións orzamentarias que fagan posible a súa necesaria transformación.

Entre esas rúas, queremos chamar a atención sobre a rúa de Enfesta, situada no barrio da Almáciga, que á súa condición de rúa con pavimento de chapacuña, engade unha circunstancia que incrementa o seu nivel para encabezar a orde de prioridades desta planificación: a súa configuración encostada que fai extremadamente difícil a accesibilidade peonil, dada a solución de sucesivas plataformas en escaleira adoptada no seu día, que impide os desprazamentos a persoas con mobilidade reducida.

A rúa de Enfesta, semella, ademais, unha illa no mar de reformas urbanas que se foron acometendo no seu arredor, marcando aínda máis a necesidade dunha actuación que consiga tamén unha harmonía coa súa contorna máis inmediata. Precisamente, a rehabilitación levada a cabo hai poucos anos na paralela rúa do Escultor Asorey podería servir de modelo para a rúa de Enfesta, coa que aínda

comparte o forte desnivel, mais non as importantes dificultades de accesibilidade que a rehabilitación conseguiu minorar de forma moi significativa.

Tendo en conta o exposto, o Grupo Popular presenta á consideración da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a que realice unha planificación para a progresiva substitución de pavimentos de chapacuña nas rúas, con solucións acordes cos valores patrimoniais, na que se sinalen as prioridades de actuación en orde a proceder á correspondente redacción dos proxectos. Nesa planificación deberase incluír con carácter prioritario -en atención aos especiais problemas de accesibilidade- a rúa de Enfesta, situada no barrio da Almaciga.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA DESENVOLVER UN PLAN MUNICIPAL DE SAÚDE MENTAL E UN PROGRAMA ESPECÍFICO DE PREVENCIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE A ENFERMIDADE MENTAL NOS CENTROS EDUCATIVOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O impacto nas vidas das persoas da Covid-19 dalgunha maneira facilitou que a saúde mental por fin sexa obxecto de debate na axenda pública como poucas veces antes acontecera. Ademais, os problemas de saúde mental non implican só unha cuestión de saúde, comprenden todas as dimensións do desenvolvemento na sociedade pois mantén unha estreita relación coa pobreza e coas vulnerabilidades sociais, económicas, de violencia e no actual contexto da pos-pandemia, o illamento social, o medo, a incerteza e o desamparo.

Despois de dous anos e medio de restricións no contacto físico e na mobilidade, illamento social e cultural, perda do emprego ou deterioro das condicións laborais e da capacidade económica, peche traumático de negocios, convivencia coa morte e loitos abertos... despois de todo iso comezan a verse as consecuencias desta situación na poboación. Trastornos depresivos e ansiedade, aumento do estrés, traumas crónicos, insomnio, soidade non desexada, patoloxías psicolóxicas e mesmo condutas disruptivas contra a saúde propia como tentativas de suicidio ou abandono dos autocoidados son algunhas destas consecuencias.

En Galicia, hai 64.334 persoas con certificado de discapacidade por enfermidade mental - discapacidade igual ou superior ao 33%-, das que un 57,2% son mulleres; esta é a segunda causa de discapacidade despois da física. Son datos recollidos no censo da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia de 2021 que dan conta dun problema cunha amplísima repercusión, tanto nas propias persoas como nas súas familias e persoas próximas. A pesar de ser unha problemática que afecta a tantas persoas, os recursos públicos na atención á saúde mental continúan a ser insuficientes. Así o veñen denunciando entidades como a Asociación de Psicoloxía Clínica do SERGAS (APCS) ou o Movemento Galego da Saúde Mental. As principais carencias denunciadas son ratios deficitarias de profesionais, longas listas de agarda (ate 6 meses), unidades de saúde mental con gran sobrecarga e falta de programas específicos de prevención ou promoción da saúde.

Por outra banda, os suicidios repuntaron o ano pasado en Galicia converténdose o 2021 no ano cun maior número de mortes por este motivo dende 2016. Así o reflicte o informe do IMELGA que recolle que na nosa comunidade suicidáronse 331 persoas no pasado ano, fronte aos 307 de 2020. É a cifra máis alta dos últimos anos. Neste informe existen datos moi preocupantes como o aumento de suicidios en mulleres pasando de 91 en 2019 á 107 en 2021. Este aumento é especialmente significativo no caso das mozas de menos de 20 anos. Tamén no caso das vítimas de violencias machistas a relación existente entre suicidio e violencias é unha realidade profundamente ignorada nos estudos estatísticos e nos medios de comunicación. É necesario visibilizar os condicionantes sociais que causan sufrimento psíquico. A consecuencia máis extrema dese sufrimento é o suicidio, un tema que segue a ser tabú a nivel social pero que pouco a pouco se vai abrindo paso nos medios de comunicación e na política.

A situación no estado español en canto a saúde mental non é moito mellor e as cifras alertan dunha situación grave sobre a que urxe actuar por parte das Administracións Públicas. Segundo datos difundidos polo INE, durante o ano 2020 había 2,1 millóns de persoas con cadros depresivos — o 5,25% da poboación maior de 15 anos-. É relevante unha vez máis, o sesgo de xénero nos cadros depresivos sendo maioritario entre as mulleres — un 7,1% fronte ao 3,1%-.

É necesario sinalar que o impacto sobre a saúde mental non é igual para todas as persoas senón que é maior en quen ten menos recursos económicos. As listas de agarda imposibilitan as persoas con menos recursos a dispoñer dun tratamento necesario e urxente. É imprescindible que existan recursos de calidade para que a falta de medios económicos non se traduza nunha condena a sufrir trastornos psicolóxicos sen tratar. Por outra banda, a desinformación sobre saúde mental produce que a sociedade discrimine, rexeite ou estigmatice ás persoas con problemas de saúde mental. Ningunha persoa está libre de padecer algún problema de saúde mental ao longo da súa vida ou as persoas da súa contorna afectiva.

No concello de Santiago dispónse do Consello Municipal de Saúde que está realizando unha diagnose sobre a situación da saúde no municipio de Santiago de cara á realización dun Plan municipal de Saúde. Ante o estado de emerxencia e gravidade da situación de saúde mental na poboación, dende o concello de Santiago resulta necesario levar a cabo un Plan Municipal de Saúde Mental que aborde as cuestións imprescindibles para mellorar a situación así como un programa específico de prevención e sensibilización en materia de saúde mental dirixido aos centros educativos. Son moitos os Consellos escolares composteláns que regularmente amosan preocupación sobre o incremento das afeccións mentais entre o seu alumnado e solicitan tamén apoio da administración local.

Así pois, tendo en conta todo o anterior, e dando cumprimento aos sucesivos acordos plenarios sobre a violencia machista, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

1. Instar ao correspondente órgano de goberno a:

a) Desenvolver un Plan específico de Saúde Mental en colaboración coas entidades do terceiro sector a través do Consello Municipal de Saúde.

b) Desenvolver un Programa específico de prevención e sensibilización sobre a

enfermidade mental nos centros educativos de primaria e secundaria de Santiago de Compostela.

2. Instar ao goberno galego a:

a) Reforzar a atención á saúde mental na Sanidade pública galega, aumentando o número de especialistas en Psicoloxía Clínica, tanto nas unidades hospitalarias coma na Atención Primaria, co obxectivo de reducir as listas de agarda.

b) Reforzar o servizo de saúde mental infanto xuvenil en Santiago de Compostela.

MOCIÓN PARA A CONXELACIÓN DAS TARIFAS DAS PEAXES NAS AUTOESTRADAS ESTATAIS AP-9 E AP-53

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A autoestrada AP-9 é a vía de comunicación máis importante de Galicia, xa que vertebra a fachada atlántica onde reside o 60% da poboación. Así mesmo, tamén é a autoestrada que, a pesar das bonificacións implantadas, ten as súas tarifas entre as máis elevadas de España, xunto coa outra autoestrada estatal en Galicia, a AP-53, que non ten ningún tipo de bonificación.

A día de hoxe, e aínda coas bonificacións implantadas, a AP-9 ten un custo medio por quilómetro de 6,12 céntimos. No caso da autoestrada estatal AP-53, de comunicación entre Santiago e Ourense, ten o custo da peaxe máis alto de Galicia e atópase no “top” de España, con 7,77 céntimos de custo medio por quilómetro.

Estas dúas autoestradas estatais non só son das máis caras de España, senón que tamén se seguirán encarecendo en xaneiro, coa suba derivada do IPC se o Goberno central non adopta medidas, como xa fixo a Xunta de Galicia nas autoestradas autonómicas da súa competencia, a AG-55 (A Coruña-Carballo) e a AG-57 (Vigo-Baiona).

Isto significa que, se o Goberno central non o remedia, o 1 de xaneiro a suba das peaxes en ambas autoestradas estatais en Galicia roldará o 9 por cento, o que suporá o segundo maior incremento da serie histórica.

Entrando máis en detalle, os galegos e as galegas teremos que soportar unha suba de máis do 8% nas peaxes da autoestrada estatal AP-53 e de case o 9% na AP-9. Nesta última haberá que sumarlle o 1% de incremento extra pola compensación a Audasa polas obras de ampliación da autoestrada, que autorizou un Goberno socialista en España.

Desde o grupo do Partido Popular lamentamos que ante a escalada de prezos e o evidente impacto que o IPC ía ter nas tarifas das autoestradas estatais AP-9 e AP-53, o Goberno de España non prevese ningunha medida nos Orzamentos Xerais do Estado de 2023 co obxectivo de paliar o impacto da suba das peaxes no peto das familias e na competitividade das empresas. Porén, consideramos que o Goberno de España está a tempo. Pode e debe evitar que os galegos teñamos que asumir o vindeiro 1 de xaneiro unha suba histórica das peaxes da AP-9 e da AP-53 no peor momento.

É por iso que, desde o grupo do Partido Popular presentamos esta iniciativa para pedirlle ao Goberno de España que siga o exemplo do Goberno galego, que adopte medidas similares ás que xa adoptou a Xunta de Galicia nas dúas autoestradas de titularidade autonómica, coa conxelación das peaxes en 2023, para evitar que os cidadáns asuman unha suba por mor do IPC, que está disparado.

Para anticiparse a esta situación, o Goberno galego, ante un previsible e desproporcionado incremento das peaxes das autoestradas da súa competencia como consecuencia do IPC, adoptou a decisión de conxelar as peaxes das autoestradas autonómicas AG-55 e AG-57 e así o recolleu nos Orzamentos de 2023.

Os Orzamentos da Xunta conteñen unha partida de 4,8 M€ para paliar o impacto das peaxes nos usuarios, absorbendo o impacto do IPC e aplicando descontos. Esta partida representa un incremento do 86% con respecto ao 2022 e permitirá continuar coas bonificacións xa activas (usuarios recorrentes, en horario nocturno e para familias numerosas) e conxelar o prezo das peaxes das autoestradas autonómicas o 1 de xaneiro de 2023.

Esta medida da Xunta vense a sumar á que xa adoptou o 1 de xaneiro de 2022 para limitar o impacto da suba do IPC nas peaxes das autoestradas autonómicas, asumindo a metade do incremento, un 2,5%, no canto do 5% que correspondería.

Polo tanto, está fóra de toda dúbida que é unha cuestión de vontade política que o Goberno de España colla exemplo e adopte medidas nas autoestradas de titularidade estatal como as que a Xunta vai facer nas autoestradas autonómicas da súa competencia

En definitiva, é posible limitar as subas das peaxes e o Goberno de España ten o deber de facelo nas autoestradas de titularidade estatal en Galicia: na AP-9 e na AP-53.

Tendo en conta o anterior, o Grupo Popular propón a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela insta ao Goberno de España a que adopte as medidas encamiñadas á conxelación das peaxes nas autoestradas estatais, a AP-9 e a AP-53, similares ás que adoptou o Goberno galego nas autoestradas autonómicas.

MOCIÓN PARA ESIXIR A DOTACIÓN DO PERSOAL E MAQUINARIA QUE RECOLLE O CONTRATO DE LIMPEZA E RECOLLIDA DE RESIDUOS

Os grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego, de Compostela Aberta e do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presentan a seguinte moción conxunta para esixir a dotación do persoal e maquinaria que recolle o contrato de recollida de residuos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

BNG, CA e PP mantiveron un encontro co comité de empresa de Urbaser co obxectivo de analizaren o grao de cumprimento das condicións estipuladas no prego unha vez

asinado o novo contrato no pasado mes de maio.

Transcorridos seis meses desde que entrou en vigor o novo contrato coa mesma empresa adxudicataria que xa viña realizando este servizo con numerosas deficiencias, a situación non é que mellorase, senón que empeorou respecto de como se desenvolvía o servizo antes da recente adxudicación. Esa é a valoración que detalla a representación de traballadoras e traballadores que observa con preocupación como van pasando os meses e nin se cumpre co persoal estipulado, nin tampouco existe a nova maquinaria imprescindible para ter un servizo de calidade. Entre as repercusións negativas desa fatal de persoal, de organización e de planificación están que non hai varrido de noite nin hai suplencia das baixas que se producen, o que impide que se realice a habitual oferta de días libres a cambio de traballar domingos e festivos.

Non é, por tanto, un problema de índole económica –unha reclamación salarial– o que está enriba da mesa senón a imposibilidade de realizar un traballo de calidade nunhas condicións que dan boa mostra da falta de vontade da empresa de cumprir as condicións dos pregos dunha concesión que paga o conxunto da poboación.

Concretándonos as reclamacións, o prego recolle un mínimo de 157 persoas para o servizo, o total estimado para a substitución de baixas e persoas a tempo parcial. Mais a día de hoxe o cadro de persoal está conformado por, aproximadamente, 137 persoas incluíndo tamén a xente contratada para suplir as baixas. Un cadro de persoal con 20 traballadores/as menos significa unha importante diminución na posibilidade de ofrecer un servizo digno que dea resposta ás numerosas queixas de que temos coñecemento nos últimos anos e que encheron as páxinas da Comisión de Queixas e Suxestións, dando conta de ser este un servizo deficitario prestado por unha empresa que non cumpre coas súas obrigas. Todo isto acontece cando a concesionaria xa eliminara a bolsa de traballo existente con anterioridade e con ela o dereito a unha orde de contratación pactada con traballadoras e traballadores do servizo.

Canto á nova maquinaria que describe o prego, o servizo conta con máquinas e illas móbiles que aínda nunca se estrearon, unha máquina lavabeirarrúas articulada, unha fregadora que non se pode usar por estar sen freos, unha varredora en mal estado e un camión de carga traseira recuperado da anterior contrata en moi mal estado. Do resto do equipamento sinalado no prego nada se sabe.

Descoñécese a esta altura cando se vai proceder á substitución de contedores soterrados, que a empresa tiña que ir substituíndo polo seu mal estado a razón de 10 por ano, unha obriga sobre a que a concesionaria propuxera que na primeira anualidade serían 15 máis. A data de novembro de 2022 non se produciu ningún traballo nesta liña.

Está pendente tamén a posta en marcha da mellora dos vestiarios, en estado lamentábel e coa obriga do novo contrato de ter uns novos, sobre todo pola progresiva incorporación de mulleres ao servizo polo que cómpre ter vestiarios masculinos e femininos.

A isto súmase a reclamación da asociación Porta Norte Compostela, que trasladou o malestar polas condicións de escasa limpeza nas rúas da Cidade histórica, especialmente nas que afectan a esa asociación (Acibecharía, praza da Inmaculada, Tras Quintana, Vía Sacra e praza da Acibechería).

Trátase dunha situación que no último ano se vén agravando, á marxe do incremento das persoas que visitan a nosa cidade, cando o vehículo que está regando as rúas realiza a súa actividade a partir das dez da mañá, cando xa as rúas están cheas de xente, con todo o que supón a súa entrada nos establecementos comerciais, coa imaxe de sucidade nunha cidade Patrimonio da Humanidade. Así, solicitan que se poida habilitar un horario adecuado para a realización desas tarefas de baldeado e limpeza das rúas anterior ás 8:00 da mañá.

Por estes motivos, os grupos municipais do BNG, CA e PP solicitan do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago realizará unha supervisión e control do contrato de recollida de limpeza viaria e residuos sólidos urbanos para garantir o seu cumprimento en canto a recursos materiais e humanos e mellorar a coordinación do servizo.

MOCIÓN PARA GARANTIR O USO COMPARTIDO DO PAVILLÓN MULTIUSOS DA LAVACOLLA E ARRANXAR O PALCO DA MÚSICA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para garantir o uso compartido do pavillón multiusos da Lavacolla e arranxar o palco da música.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A asociación veciñal Lavacolla activa trasladounos a queixa por non poder celebrar a festa do magosto que pretendían organizar para o pasado sábado 29 de outubro no Pavillón Multiusos da Lavacolla. Finalmente a celebración tivo lugar o domingo, 30 de outubro, no Centro Sociocultural, dado que o propio 29 xa estaba prevista a organización dunha actividade neste espazo.

Como é sabido, atendendo unha demanda histórica da veciñanza, o Concello incluíu no POS 2018 da Deputación da Coruña a proposta de dotación do edificio multiusos da Lavacolla, orzado en 258.119 euros, un proxecto que sufriu modificacións e non respondeu totalmente ás reclamacións veciñais. De feito, non se dotou esta infraestrutura dun espazo de aparcamento nin se permite na actualidade utilizar o patio vermello ao seu carón.

Con todo, a pesar destas deficiencias, o Centro vén dotar a parroquia dun espazo multifuncional que foi concibido para partillar con toda a veciñanza naqueles momentos en que non fose utilizado pola comunidade educativa do CEIP Rodríguez Xixirei. A día de hoxe é verdade que se realiza alí algunha actividade allea ao centro educativo en días lectivos fóra do horario escolar. Mais o Concello, a través da concellaría de Centros Socioculturais denegou á Asociación Lavacolla Activa a utilización do Pavillón para un magosto sen ningún tipo de xustificación, pois non había –nin houbo– ningunha actividade prevista para ese día. A petición respondía a ser un lugar máis acaído para a realización da actividade así como a exercer o dereito a gozar dunha infraestrutura realizada para o goce do conxunto da veciñanza da parroquia, polo que non se entende a denegación da solicitude, máxime cando o propio alcalde e os concelleiros responsábeis de distintas áreas relacionadas coa materia realizaron no seu día declaracións de compromiso neste sentido.

Por outra parte, existe un palco da música na praza situada á beira da estrada xeral que se encontra nunha situación lamentábel, tanto no tellado como no espazo inferior –con ventás rotadas ou en pésimo estado e cos baños pechados. Cómpre dotar un pequeno orzamento para o seu acondicionamento e que sirva tamén como espazo de lecer e de reunión, así como ofrecer uns baños públicos aos/ás numerosos/as peregrinos/as que transitan pola zona e que carecen dese servizo.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. O Concello de Santiago comprométese a que o Pavillón multiusos da Lavacolla manteña os previstos usos compartidos entre a comunidade educativa do CEIP Rodríguez Xixirei e a veciñanza da Lavacolla.
2. O Concello de Santiago realizará un proxecto e buscará a dotación económica para arranxar, en canto for posíbel, o palco da música da Lavacolla.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA INICIAR UNHA NOVA REVISIÓN DOS USOS NO PXOM, QUE PERMITA UNHA REGULACIÓN CONSENSUADA PARA OS PROBLEMAS DA VIVENDA, DO COMERCIO E DOS USOS TURÍSTICOS

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A importancia estratéxica do sector do turismo en Compostela na xeración de emprego, no mantemento do tecido empresarial e na posta en valor da cultura, o patrimonio, a gastronomía e a singularidade de Santiago como Cidade Patrimonio da Humanidade, é innegable. Agora ben, nos últimos anos este desenvolvemento turístico tamén implicou moitos impactos para a veciñanza: a multiplicación exponencial do fenómeno das vivendas de uso turístico (VUTs), a saturación turística en puntos da zona monumental, ou a progresiva redución da veciñanza da cidade histórica, entre outros.

Non é de estrañar que nos últimos anos existira unha emerxente preocupación na veciñanza sobre a sostibilidade do actual modelo turístico, sobre como afecta á convivencia cotiá, e como supón unha perda de servizos nas zonas e barrios máis expostos aos fluxos turísticos. No anterior mandato o goberno de Compostela Aberta apostou pola gobernanza do turismo, tendo como obxectivo garantir que a actividade turística, tan importante para o desenvolvemento económico de Santiago, sexa compatible coa convivencia, a calidade de vida, a conservación do noso patrimonio e o benestar da veciñanza.

Neste contexto, aparece a necesidade da regulación das VUTs. A Xunta de Galicia co *DECRETO 12/2017, do 26 de xaneiro, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia* impulsado polo propio Alfonso Rueda intentou regular este uso. Mais, tras a aprobación do decreto, que no seu artigo 5 di claramente que “os concellos poderán establecer limitacións no que respecta ao número máximo de Vut por edificio ou sector” a Xunta incumpríu o seu propio decreto con intencións

partidistas. A pesar das comunicacións do Concello de Santiago establecendo eses límites en ámbitos como a Cidade Histórica, o goberno da Xunta utilizou a administración pública galega como arma política contra o anterior goberno de Compostela provocando unha inseguridade xurídica da que son vítimas centos de propietarios e propietarias de vivendas na nosa cidade.

Tras un longo percorrido xurídico sobre as competencias para regular estes Usos turísticos, finalmente o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) deulle a razón ao Concello, concluíndo que o uso turístico dun inmovble non pode considerarse residencial, senón hoteleiro. E isto implica que a súa concesión precisa do visto e praxe do Concello de Santiago. Polo tanto, conclúese que as vivendas de uso turístico non poden ser asimiladas a vivendas provisionais de uso residencial, senón que teñen uso hostaleiro, tal e como reflicte a xurisprudencia do TSXG, para o que precisan autorización municipal.

O Concello de Santiago ficou así lexitimado para ser quen regule as VUTs e ata o propio Parlamento de Galicia aprobou unha iniciativa ao respecto co apoio unánime dos grupos, para que a Xunta deixe de invadir as competencias do Concello, nesta materia. Con todos estes antecedentes e tras dúas aprobacións iniciais previas, o Goberno levará ao Pleno ordinario de novembro a modificación actual do PXOM, sen consenso e sen recoller ningunha das diferentes achegas realizadas nestes dous últimos anos de tramitación desta modificación. Unha vez mais, o goberno do Sr Bugallo deixa de lado o camiño do diálogo cos grupos políticos e os sectores implicados presentando unha proposta totalmente insuficiente e moi mellorable. Neste sentido, o grupo municipal de Compostela Aberta, á vista da aprobación provisoria do expediente para información pública, procurou facer achegas construtivas para que esta modificación puntual sexa mellor, máis xusta e máis útil.

Na modificación puntual fálase da necesidade de diferenciar unha zona sensible na que protexer a función residencial ou tamén a comercial nos chamados “conectores de urbanidade” de comunicación peonil entre barrios ou áreas funcionais. Mais esta necesidade de protección na zona sensible debería ter capacidade de diferenciar entre os dous usos a protexer residencial e comercial e, sobre todo debería permitir regular o uso turístico con diferentes intensidades entre zonas que tamén están sometidas a distinta presión turística.

Nunca será a mesma a presión turística que poida ter unha zona central coma o recinto intramuros da Cidade Histórica que a que poida ter unha área residencial coma Pontepedriña. Esta diferenza na problemática existente entre distintos ámbitos, non se ve reflectida na delimitación dunha única área sensible. Desde o noso grupo municipal sempre dixemos que descentralizar a presión turística ten que ser un obxectivo claro dentro da regulación dos usos turísticos. Froito desta reflexión entendemos que na modificación do PXOM para a regulación dos Usos, esta delimitación territorial da zona sensible é claramente insuficiente para abordar a regulación dos usos, polo que Compostela Aberta solicitou mudar o plano de zonas sensibles.

Na regulación dos usos, limitase a implantación de Vivendas de Uso Turístico ás plantas baixas, abríndose a posibilidade de albergar este uso nas plantas primeiras cando se supera unha determinada altura e non hai posibilidade do uso vivenda en planta baixa. Entendemos que esta limitación pretende reducir as posibles molestias ocasionadas polos usuarios destas vivendas, mais entendemos tamén que poden existir outras fórmulas, coma a autorización da comunidade de propietarios para albergar un uso coma este, diferente ao residencial, e que poida ser revogable, que

permitan unha maior flexibilidade neste uso garantindo a redución de posibles molestias para os residentes no edificio.

De todas formas, entendemos que se deberá manter a proporción máxima prevista deste uso turístico pola modificación puntual para cada edificio ou quinceiro ou estudar incluso a regulación en proporción en ámbitos de maior dimensión. Por todo isto, solicitamos modificar esa implantación unicamente en planta baixa ou primeira das VUTs.

Tamén, nesta modificación puntual do PXOM introdúcense as definicións dos distintos tipos de comercio coas que estamos de acordo no fundamental, mais esta clasificación do mesmo, non dá lugar a unha regulación do mesmo, o cal nos parece unha eiva fundamental desta modificación puntual. Por isto, establecer unha regulación e limitación do comercio de recordos ou souvenirs nos ámbitos máis sensibles nos parece imprescindible..

Finalmente, a modificación recoñece a capacidade de moitos baixos baleiros e sen uso, que a día de hoxe teñen limitado o seu uso ao comercial, para albergar o uso residencial sempre que se cumpran as condicións de habitabilidade fixada pola normativa urbanística. Mais este recoñecemento dese carácter residencial, na práctica queda limitado a moi poucas edificacións e moitos dos baixos que non teñen uso comercial nin teñen expectativas de telo e poderían ampliar o seu uso ao residencial, incluíndo tamén o residencial turístico, quedan excluídos desta modificación.

Tampouco se contempla a revisión desta problemática no planeamento de desenvolvemento, onde tamén nos atopamos un gran número de locais en planta baixa que nunca chegaron a ter ese uso comercial. Fronte a esta proposta, desde o noso grupo solicitamos unha revisión do ámbito onde se pode implantar o uso residencial ou incluso o turístico en planta baixa, que permita aumentar o seu número en zonas perimetrais da cidade..

Outro síntoma da problemática da falta de regulación, e que se une a todo o anterior, é o feito de que a propia Xunta de Galicia está a estudar unha modificación do seu propio Decreto. Unha modificación que debería incluír mudanzas como a de incorporar limitacións ao número de VUTs en propiedade por persoa, entre outras e sempre recoñecendo a capacidade municipal para regular ámbitos de exclusión das mesmas..

Así pois, tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

1. Que o goberno municipal inicie de novo a revisión dos usos do PXOM, relativa ás VUTs, e en particular que se estude a inclusión dos seguintes puntos:

a) Mudar o plano de zonas sensibles, cun estudo máis detallado para garantir unha regulación máis acaída para a realidade de cada ámbito tanto na capacidade de acoller usos turísticos coma na necesidade de regular ou protexer o comercio de proximidade.

b) Modificar a limitación de implantación unicamente en planta baixa ou primeira das VUT e substituíla por unha limitación de número máximo en porcentaxe por número de vivendas do edificio ou quinceiro, co requisito de que conte con autorización da comunidade de propietarios do edificio e que esta poida ser revogable en caso de molestias.

c) Establecer unha regulación e limitación do comercio de recordos ou souvenirs no ámbito do recinto intramuros da Cidade Histórica ou naqueles que se poidan definir e ademais fomentar medidas que permitan manter o comercio tradicional neste ámbito ou naqueles que teñen que ver coa vitalidade urbana coma os recoñecidos coma “conectores urbanos” por esta modificación puntual.

d) Impulsar unha revisión do ámbito onde se pode implantar o uso residencial ou incluso o turístico en planta baixa, que permita aumentar o seu número, respectando os ámbitos comerciais tradicionais ou conectores de urbanidade fixados pola modificación do PXOM e ampliando este estudo á totalidade do solo urbano.

2. Instar á Xunta de Galicia a cumprir a súa propia normativa sobre as VUTs adherindo a iniciativa do Parlamento de Galicia recentemente aprobada por unanimidade.

3. Instar á Xunta á revisión do decreto con fórmulas que permitan limitar o número de vivendas por persoa propietaria, e que este fiquen reducido a non máis de dúas vivendas por persoa.”

A moción conxunta presentada polos catro grupos políticos municipais (PSdeG-PSOE, PP, CA e BNG) de cambio de denominación do Hospital Provincial de Conxo, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda solicitar á Xunta de Galicia que o actual Hospital Provincial de Conxo pase a denominarse “Hospital de Conxo Ramón Baltar”.

Con respecto á moción conxunta dos catro grupos políticos municipais (PSdeG-PSOE, PP, CA e BNG) para impulsar a contratación de profesionais da interpretación da lingua de signos no concello, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda:

1. Instar ao correspondente órgano de goberno a impulsar as medidas necesarias para a contratación dun profesional da interpretación de lingua de signos para garantir a accesibilidade aos servizos de atención cidadá da administración local e aos actos públicos das persoas xordas e xordocegas.

2. Instar á Xunta de Galicia a iniciar o procedemento para o recoñecemento oficial da lingua de signos galega, así como o dereito a aprendela e usala.

Incorpóranse a sesión cando son as 18:48 horas, dona María Castelao e don Ramón Quiroga.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do PP sobre a planificación para a progresiva substitución de pavimentos de chapacuña nas rúas e mellora da rúa de Enfesta, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE e concelleiro non adscrito (8 PSdeG-PSOE e 1 N/A), acorda instar ao correspondente órgano do Goberno local a que realice unha planificación para a progresiva substitución de pavimentos de chapacuña nas rúas, con solucións acordes cos valores patrimoniais, na que se sinalen as prioridades de actuación en orde a proceder á correspondente redacción dos proxectos. Nesa planificación deberase incluír con carácter prioritario -en atención aos especiais problemas de accesibilidade- a rúa de Enfesta, situada no barrio da Almaciga.

Na moción presentada polo grupo municipal de CA para desenvolver un plan municipal de saúde mental e un programa específico de prevención e sensibilización sobre a enfermidade mental nos centros educativos de Santiago de Compostela, á que no transcurso do debate presentou emenda “en voz” o grupo municipal do PSdeG-PSOE para engadir no primeiro punto “..no marco do Plan Municipal de Saúde Mental”, e despois de ser aceptada, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda:

1. Instar ao correspondente órgano de goberno no marco do Plan Municipal de Saúde Mental:

a) Desenvolver un Plan específico de Saúde Mental en colaboración coas entidades do terceiro sector a través do Consello Municipal de Saúde.

b) Desenvolver un Programa específico de prevención e sensibilización sobre a enfermidade mental nos centros educativos de primaria e secundaria de Santiago de Compostela.

2. Instar ao goberno galego a:

a) Reforzar a atención á saúde mental na Sanidade pública galega, aumentando o número de especialistas en Psicoloxía Clínica, tanto nas unidades hospitalarias coma na Atención Primaria, co obxectivo de reducir as listas de agarda.

b) Reforzar o servizo de saúde mental infanto xuvenil en Santiago de Compostela.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do PP para a conxelación das tarifas das peaxes nas autoestradas estatais AP-9 e AP-53, á que presentou emenda o grupo municipal de CA que non foi aceptada, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes acorda instar ao Goberno de España a que adopte as medidas encamiñadas á conxelación das peaxes nas autoestradas estatais, a AP-9 e a AP-53, similares ás que adoptou o Goberno galego nas autoestradas autonómicas.

Na moción presentada polos grupos municipais do BNG, de CA e do PP, para esixir a dotación do persoal e maquinaria que recolle o contrato de limpeza e recollida de residuos, o Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA, do PP, e concelleiro non adscrito (2 BNG, 5 CA, 8 PP e 1 N/A) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que o concello realizará unha supervisión e control do contrato de recollida de limpeza viaria e residuos sólidos urbanos para garantir o seu cumprimento en canto a recursos materiais e humanos e mellorar a coordinación do servizo.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do BNG para garantir o uso compartido do pavillón multiusos da Lavacolla e arranxar o palco municipal, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes acorda:

1. O Concello de Santiago comprométese a que o Pavillón multiusos da Lavacolla manteña os previstos usos compartidos entre a comunidade educativa do CEIP Rodríguez Xixirei e a veciñanza da Lavacolla.

2. O Concello de Santiago realizará un proxecto e buscará a dotación económica para arranxar, en canto for posíbel, o palco da música da Lavacolla.

Auséntase o señor Prol cando son as 20:12 horas e volve as 20:14 horas.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal de CA para iniciar unha nova revisión dos usos do PXOM, que permita a regulación consensuada para os problemas de vivenda, do comercio e dos usos turísticos, logo de ser aceptada a emenda presentada polo PP, e despois de ser acordada a votación separada de cada un dos puntos da moción, o Pleno da Corporación acorda:

1. Por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de CA e do PP (5 CA e 8 PP) e 11 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do BNG e concelleiro non adscrito (8 PSdeG-PSOE, 2 BNG e 1 N/A), acorda que o goberno municipal inicie de novo a revisión dos usos do PXOM, relativa ás VUTSs, e en particular que se estude a inclusión dos seguintes puntos:

a) Mudar o plano de zonas sensibles, cun estudo máis detallado para garantir unha regulación máis acaída para a realidade de cada ámbito tanto na capacidade de acoller usos turísticos coma na necesidade de regular ou protexer o comercio de proximidade.

b) Modificar a limitación de implantación unicamente en planta baixa ou primeira das VUT e substituíla por unha limitación de número máximo en porcentaxe por número de vivendas do edificio ou quintero, co requisito de que conte con autorización da comunidade de propietarios do edificio e que esta poida ser revogable en caso de molestias.

c) Establecer unha regulación e limitación do comercio de recordos ou souvenirs no ámbito do recinto intramuros da Cidade Histórica ou naqueles que se poidan definir e ademais fomentar medidas que permitan manter o comercio tradicional neste ámbito ou naqueles que teñen que ver coa vitalidade urbana coma os recoñecidos coma “conectores urbanos” por esta modificación puntual.

d) Impulsar unha revisión do ámbito onde se pode implantar o uso residencial ou incluso o turístico en planta baixa, que permita aumentar o seu número, respectando os ámbitos comerciais tradicionais ou conectores de urbanidade fixados pola modificación do PXOM e ampliando este estudo á totalidade do solo urbano.

2. Por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 8 PP e 2 BNG) e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE e do concelleiro non adscrito (8 PSdeG-PSOE e 1 N/A), acorda instar á Xunta de Galicia a cumprir a súa propia normativa sobre as VUTs adherindo a iniciativa do Parlamento de Galicia recentemente aprobada por unanimidade.

3. Por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de CA e do PP (5 CA e 8 PP) e 11 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do BNG e concelleiro non adscrito (8 PSdeG-PSOE, 2 BNG e 1 N/A), acorda instar á Xunta á revisión do decreto con fórmulas que permitan limitar o número de vivendas por persoa propietaria, e que este fiquese reducido a non máis de dúas vivendas por

persoa.

O Alcalde pecha a sesión ás 20:45 horas. Dou fe.